

**Francisco Asorey en Santiago de Compostela  
con Mercedes Espiño**

**S2201090 - Museos e itinerarios histórico-artísticos. Ensinar e aprender  
noutros contextos**

**Santiago de Compostela, 30 de novembro 2022**



**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE



**Xacobeo 21-22**

## Índice

- A vida de Asorey en catro palabras ..... 03
- Punto 1 - Rúa San Clemente, nº 31 ..... 10
- Punto 2 - Rúa do Vilar, nº 59 ..... 12
- Punto 3 - Rúa Xelmírez, nº 17 ..... 13
- Punto 4 - Rúa do Franco, s/n  
(Colexio de Fonseca) ..... 14
- Punto 5 - Praza do Obradoiro  
(Reitorado da USC) ..... 15
- Punto 6 - Praza do Obradoiro, nº 1 ..... 17
- Punto 7 - Rúa San Francisco, s/n  
(Facultade de Medicina) ..... 18
- Punto 8 - Campiño de San Francisco ... 22
- Punto 9 - Rúa San Roque, nº 2 ..... 28
- Punto 10 - Campiño do Carme, nº 2 ..... 30
- Punto 11 - Rúa Tras Santa Clara, nº 2 .. 31
- Punto 12 - Rúa Caramoniña, s/n ..... 33
- Punto 13 - Costa San Domingos, s/n .... 35
- Punto 14 - Rúa de Bonaval, s/n ..... 37
- Punto 15 - Rúa do Preguntoiro, nº 37 ... 39
- Punto 16 - Praza da Universidade, nº 1 40
- Punto 17 - Rúa das Orfas, nº 3 ..... 41
- Punto 18 - Rúa do Hórreo, nº 1 ..... 42
- Espazos e obras de Francisco Asorey  
en Santiago de Compostela ..... 43
- Plano do percorrido completo ..... 46



**Mercedes  
Espiño Amil**

Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa e en Hispánica, catedrática de educación secundaria de lingua e literatura galega desde 1992, exerceu no instituto Ramón Cabanillas de Cambados, no instituto mixto de Ribeira e no IES Eduardo Pondal de Santiago de Compostela, onde se xubilou como catedrática no ano 2016.

Membro da Mesa pola Normalización Lingüística dende a súa fundación en 1986 onde foi Membro da Comisión de Garantías.

Colabora habitualmente coas revistas *Andaina*, *Raiola*, *Revista Galega de Educación* e *Nós Diario*.

Traduciu diversas pezas teatrais ao galego e é autora de *Aprender palabras e significados* (1990), *1410 nomes galegos de home e de muller* (1993), *Espazos de Rosalía en Compostela. Un paseo por Santiago con Rosalía de Castro* (2021).

Dirixiu diversos roteiros ou paseos literarios de Rosalía de Castro, das Irmandades da Fala e de Francisco Asorey por Santiago de Compostela.

## - A vida de Asorey en catro palabras

### «De forte narizón, e paxariña, e fraco...»: catro verbas do gravador e pintor Santiago Mayer.

Xoán Xesús González<sup>1</sup> na súa novela *A modelo de Paco Asorei* describe unha sesión de traballo do escultor, de como mandaba colocar á modelo, da posición física e da posición mental que debía adoptar para ser representada, e o máis asombroso para o espectador da sesión, o milagre de ver daquel barro informe xurdir entre as súas mans creativas e creadoras a expresión viva do de quería reproducir.

«Á tarde seguinte fomos ao estudio. Topamos a Paco disposto a dar comezo ao busto. Tiña preparado o barro e mandou arrombar a Lucinda sentándose logo nunha tarima. Foi mester que se escotara ben, que espira todos os brazos, que adoptara un xeito artístico á vez que unha actitude meditativa que se correspond<era ao seu temperamento, ao seu espírito sentimental. O seu cabelo dourado espallouse como un raio de sol sobor dos ombros nidios... Xa estaba preparado para dar comezo á sesión primeira. [...]

Paco, arelante, inquedo e inspirado facía xurdir do barro louro o milagre dunhas formas humanas, dunhas liñas áticas de muller plena.

Traballaba con denotable ansiedade, embebido polas liñas rotundas e perfectas da modelo fermosa. Os seus dedos longos, máxicos dedos de imaxineiro privilexiado, fundíanse no barro cal buzos nun mar misterioso en cuxo fondo procuraran un perdido tesouro... Pouco a pouco foi aparecendo do corazón daquel monte informe de terra parda a faciana de Lucinda con todas as súas encantadoras perfeccións. O barro semellaba doce, manseliño, case tenro diante da destreza técnica do artista ilusionado. Dixérase un barro sensitivo e arelante de caricias que lle tiveran prometido xa as santas mans do artífice compostelán.

Paco Asorei facía saír coa súa marabillosa inspiración, de entre o barro vulgarento e torpe, unha nova Lucinda que eu presentía igual á outra. [...] O artista traballaba incansable, con afán, e o seu traballo, a súa nova obra de arte avivaba en min, na miña alma confusa, xa vagos presentimentos, turbulentas sensacións. Cada risco que imprimía a man de Paco naquela terra efémera, era un novo aviso para min. [...] unha Afrodita xurdía entre as escumas, xurdía de entre as mans admirables do mago artista: - Con dúas ou tres sesións máis finalizaremos este traballo e deixarémolo para vaciar». (Páxs. 151, 153 e 154)

### As orixes

Os ancestros paternos de Asorey eran orixinarios das terras do Deza ou do val de Carbia, mais o pai, Antonio Asorey, nace na Coruña e emigra moi novo a Argentina, onde coñece a Elisa González, de familia cambadesa. Casan en 1870 en Buenos Aires e, xa con

<sup>1</sup> Xoán Xesús González (1835-1936), canteiro, mestre, xornalista, avogado, escritor e político. En Compostela estudou maxisterio, traballou en varios xornais, tiña bufete de avogado e rexentaba con Arturo Cuadrado a Librería e editorial Niké. En 1933 publicou unha novela romántica e folletinesca, *A modelo de Paco Asorei*. Defensor da legalidade republicana, foi fusilado a 12 de setembro de 1936 na tapia do Cemiterio de Boisaca.

varios fillos, en 1876 deciden tornar á terra e instalarse en Cambados, onde mercan unha casa con comercio de tecidos na Rúa do Sol de Fefiñáns, na que nace a 4 de marzo de 1889 Francisco Hipólito, o derradeiro fillo de Antonio e Elisa, falecida ano e medio despois. O viúvo volve casar con Balbina Dozo, que será quen críe o neno Paco e a quen lle darán novos irmáns. Mais na súa necrolóxica só aparecen dous (Manuel e Blanca), xa que parece que moitos volveron para a Arxentina e perderon as relacións.

Varias das súas biografías comentan a temperá afección do rapaz pola escultura, con anécdotas que el mesmo relata sobre os cristos e san Bieitos que xa tallaba de neno.

### Catalunya

Consonte Ramón Otero Túñez (1959), o adolescente de 14 anos Francisco Asorey marcha en 1903 para formarse e aprender co escultor catalán José Parellada, que dirixía o obradoiro de imaxinería relixiosa da Escola de Artes e Oficios dos Salesianos en Sarriá, Barcelona, cidade efervescente de actos culturais e de creacións artísticas e onde nese momento florecía o Noucentismo catalán e as inquietudes renovadoras, determinantes na formación do mozo aprendiz, que chegará a ser un renovador da escultura galega.

No colexio dos Salesianos aprende historia da arte, véndose moi influenciado polo culto á figura feminina, á maternidade e á terra da arte prehistórica, descobre as obras clásicas, o Medievo, o Renacemento, o Barroco...

### Barakaldo

Asorey deixa Sarriá e Barcelona con 17 anos, en 1906, ao ser nomeado profesor de debuxo no taller de Artes e Oficios do Colexio Laboral dos Salesianos de Barakaldo, en cuxo obradoiro de imaxinería relixiosa produce as súas primeiras pezas.

Na época de ensino-aprendizaxe en Euskadi, Asorey coñece a pintura vasca e decide compaxinar a imaxinería relixiosa coa profana; influenciado polo costumismo tradicionalista vasco, realiza pezas hoxe desaparecidas, como *Viuda del Pescador*, coa que acadou, en 1909, a segunda medalla da Exposición Rexional Galega de Santiago de Compostela. En Barakaldo monta o seu propio obradoiro con dous escultores vascos e, segundo Vicente Pérez Otero (2015), descobre o xeito de darlle policromía á madeira sen tratala antes, aproveitando as vetas, resina e labra para crear un efecto pictórico único.

### Madrid

En 1909, con 20 anos, Asorey entra en quintas e vese na obriga de ir facer o servizo militar a Madrid, cidade na que ficará durante dez anos, aínda que con viaxes frecuentes a Compostela, onde ten unha irmá, e onde bota moza, Jesusa Ferreiro Casal.

En Madrid traba amizade co pintor cordobés Julio Romero de Torres (1874-1930), co pintor compostelán Juan Luis López García (1894-1979), que asina artisticamente como Juan Luis, e co crítico de arte e xornalista José Francés (1883-1964), relacións todas elas moi importantes na súa vida laboral e afectiva. Comeza a ser coñecido no ambiente madrileño e a recibir encomendas de obras, participa en exposicións (Santiago, Madrid, Buenos Aires...) e na súa formación ten grande influencia a obra do francés Auguste Rodin (1840-1917) que remozou a escultura e que a tirou do academicismo. Para completar a súa preparación profesional, Asorey consegue que a Deputación de Pontevedra lle outorgue bolsas de estudos desde 1915 a 1919.

## Santiago de Compostela

Logo de case 20 anos de formación en Barcelona, Barakaldo e Madrid, xa convertido nun escultor cunha certa fama, Asorey volve para a súa terra, Galicia, en concreto a Compostela, por mor de ter acadado a 31 de maio de 1918 a Praza de Axudante de Escultor Anatómico da Facultade de Medicina da USC. Xa instalado na cidade, ese mesmo ano de 1918, monta na Rúa Caramoniña, entre a Porta do Camiño e San Domingos de Bonaval, un obradoiro de escultura, onde acolle aprendices.

Segue a ser o mozo de Jesusa Ferreiro Casal e casan na Escravitude en xaneiro de 1919, segundo informan, entre outros xornais, o *Diario de Pontevedra*, a 10 de xaneiro de 1919: «En el santuario de la Esclavitud han contraído matrimonio la bella señorita Jesusa Ferreiro Casal y el laureado escultor santiagués D. Francisco Asorey». Non deixa de ser curioso que se indique que Asorey é «santiagués», xentilicio que se lle aplica noutros artigos de prensa, esquecendo o seu nacemento en Cambados.


A familia vai residir en Compostela, na casa do Campiño do Carme, nº 2, onde nacen os seus dous fillos, Francisco e José Manuel, e onde mora toda a súa vida.

## Irmandades da Fala: o escultor da Raza

Con traballo, familia, casa e obradoiro en Compostela, afonda a súa relación coas Irmandades da Fala, fundadas na Coruña en 1916, e asóciase á de Santiago, sendo amigo e colaborador de Ramón Cabanillas, Lois Porteiro, Camilo Díaz Baliño, Castelao, os irmáns Villar Ponte, Vicente Risco, Ánxel Casal, Lois Tobío etc... e nesta cidade asiste á // *Asemblea Nacionalista* en novembro de 1919 no Colexio Juan de San Clemente .

O xornal *A Nosa Terra, Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia*, voceiro das Irmandades, fai unha gran defensa e promoción do que xa consideran o grande renovador da arte galega, e a quen definen como «o escultor da Raza», e ao seu paisano Ramón Cabanillas «o poeta da Raza».

Mais a partir de 1931, desde a disolución das Irmandades e a fundación do Partido Galeguista, parece que comencan a arrefriar as relacións entre Asorey e os nacionalistas, algo similar ao que pasa tamén co seu amigo Cabanillas.



Páxina do *Diario de Pontevedra*, 10 xaneiro 1919, onde se dá a noticia do casamento. (Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia, servizo público xestionado pola Biblioteca de Galicia: <http://biblioteca.galiciana.gal/>).

### As tallas en madeira de Asorey

Influenciado polo expresionismo alemán, polo primitivismo novecentista e polo románico compostelán, o estilo asoreyano evolúe até a mestría que acadou na policromía e talla en madeira de mulleres coas que representa a identidade de Galicia, mulleres cun tipo racial característico e constante: pelo loiro, ollos azuis, meixelas de mazá colorada... con traxes tradicionais e fermosos panos de cores á cabeza como *Picariña* (1920), *Naiciña* (1921) ou a *Ofrenda a San Ramón* (1923).


É a escultura galega do momento: Asorey realizará outras pezas maxistras como *O tesouro* (1924), e xa en 1926 *Santa* e *San Francisco*.

### As Exposicións Nacionais

A Exposición Nacional de Belas Artes celebrábase cada dous anos en Madrid e gañar as súas medallas supoñía o recoñecemento como artista. En 1922 Asorey presenta *Naiciña* e a prensa galega daba por feito que lle ía ser outorgado o 1º premio, mais o xurado só lle concedeu unha bolsa de viaxe. Considerado como un agravio, a prensa, sobre todo *A Nosa Terra*, e os amigos organizaron na súa honra unha homenaxe en Cambados, a 20 de agosto de 1922, cun banquete que se converteu nun acto de afirmación do nacionalismo galego. Asistiron case douscentos comensais, entre eles o violinista Manuel Quiroga, o crego Basilio Álvarez, fundador do sindicato agrario «Acción Gallega», o político Portela Valladares, o debuxante Daniel Castelao, o poeta Cabanillas, o zapateiro e dramaturgo compostelán Xesús San Luis Romero, o lexicógrafo Eladio Rodríguez, o pintor Lugrís Freire, o novelista Vicente Risco, o poeta Blanco Torres, o médico Gil Casares, o empresario Enrique Peinador, fundador do Balneario de Mondariz, o empresario teatral Isaac Fraga e moitos máis persoeiros e representantes da prensa e das institucións...

En 1924 a obra coa que concorre á Exposición Nacional é *O Tesouro* que, a pesar dos prognósticos da prensa galega, só obtén unha segunda medalla, o que provoca do novo un sentimento de non ser valorado como merece. Mais, unha segunda medalla é un bo recoñecemento e homenaxéano cun banquete no Centro Galego de Madrid, promovido por Basilio Álvarez, e, ao seu retorno a Santiago, con outro no mosteiro de Oseira, organizado polos seus colegas da Universidade.

En 1926 presenta *Santa*, obra que se expón co nº 2 na sala XIV, e *San*



Catálogo da Exposición de Bellas Artes, 1926.  
Biblioteca Nacional de España.

*Francisco*, obra nº 1 da sala XVII, coa que Asorey acada a primeira medalla da Exposición Nacional de Belas Artes, distinción que o consagraba como un dos mellores escultores hispánicos.

Como dato curioso, na sala XVII onde está o *San Francisco*, expónse tamén o óleo *Nuestra Señora de la Expectación* do seu amigo LÓPEZ (Juan Luis).

Xoán Xesús González en *A modelo de Paco Asorei* alude ao éxito do escultor nestas exposicións:

«Lucinda dou os derradeiros retoques á súa *toilette*, mentres Paco e eu falabamos da derradeira exposición nacional que se celebrara en Madrid, e na que el obtivera un ruidoso triunfo artístico» (páx. 154).

### En Tras Santa Clara

En 1931 traslada o obradoiro a Santa Clara, moi perto da súa casa do Campiño do Carme. Está moi orgulloso do terreo que comprou pois a amplitude do local permítelle aumentar e diversificar a súa produción, con grandes obras en granito como a *Virxe de Guadalupe* (1932) para a casa do cirurxián Angel Baltar Cortés, en Tanxil, Rianxo, o monumento ao aviador Loriga (1933) en Lalín ou o dedicado ao poeta Manuel Curros Enríquez (1934) da Coruña, onde aplica a técnica de ocós á pedra de gran...

### A guerra civil

A vida de España e de Asorey trastórnase en xullo de 1936 e nos anos posteriores, pois detéñenlle e asasinan a moitos dos seus amigos, como Camilo Díaz Baliño, e outros vense forzados a exiliarse, como Lois Tobío, mais tamén lle tocan mortes na familia, como o seu sobriño Antonio Gelpi Asorey, médico, presidente do sindicato de médicos da UGT, que é executado no Cemiterio municipal de Guadalajara a 17 de xuño de 1941.

Asorey tenta adaptarse á nova situación e sobrevivir. Continúa co seu traballo e acepta encargos das autoridades franquistas como os bustos de *Calvo Sotelo* (1938, Vilagarcía) e de *Francisco Franco* (1938, A Coruña), o *Monumento ao soldado galego* (1940, A Coruña) etc..., mais tamén recibe outras encomendas en madeira como *A Piedade* (1944) para o Cemiterio da Chacarita ou o *Cristo de Moiá* (1952), e esculturas conmemorativas como as dedicadas *Ao Alcalde López Pérez* (1958) en Lugo, *A Ramón María Aller Ulloa* (1959) en Lalín ou a *Ramón Cabanillas* (1959) en Cambados. Traballo non lle falta.

### O profesor Asorey


Ademais dos moitos aprendices de escultor que se formaron no seu obradoiro, algúns dos cales inclúen no seu currículo «discípulo de Asorey», a súa docencia en centros oficiais recoñecidos esténdese a todos os niveis educativos: bacharelato (lembramos que naqueles anos o alumnado accedía ao instituto con 9 ou 10 anos), formación profesional tanto en centros específicos como no seu propio obradoiro, Universidade...

Comeza moi novo a súa vida docente: con 17 anos é nomeado profesor de debuxo no Colexio dos Salesianos de Barakaldo. En 1918 obtén a Praza de axudante de escultor anatómico da Facultade de Medicina de Santiago e seis anos despois, en 1924, gaña a Praza de titular de Escultura Anatómica, para cuxa oposición presentou un cranio de grandes dimensións que se expón actualmente na Facultade de Medicina.

Contrátano como profesor da Escola de Mestría Industrial, antes denominada Escuela Elemental del Trabajo<sup>2</sup>, da que foi tamén o seu primeiro director, consonte a necrolóxica publicada no xornal compostelán *La noche*; imparte aulas na Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos<sup>3</sup> de Compostela, da que se xubila en marzo de 1959, tal como aparece recollido no Boletín Oficial do Estado de 30 de marzo de 1959; segundo consta nos arquivos do IES Rosalía de Castro, Francisco Asorey tamén foi profesor de debuxo neste instituto de bacharelato desde 1943 até a década dos 50; logo de máis de corenta anos na Universidade de Santiago de Compostela, xubilouse en 1959.

### Os seus derradeiros traballos

Escultor de recoñecido prestixio, foi nomeado **m e m b r o** correspondente da Real Academia de Belas Artes de San Fernando (Madrid) en 1940, da Academia de Belas Artes de A Nosa Señora do Rosario (A Coruña) en 1954, da Real Academia Galega en 1952... e o Concello de Santiago decide nomealo en 1959 fillo adoptivo de Santiago de Compostela, logo de corenta anos na cidade dedicado á escultura.



Asorey (á esquerda) en 1941, Sección de Pintura e Escultura. Facultade de Medicina (in *Archivos de Anatomía*, Marzo, 1942)

B. O. del E.—Núm. 76

30 marzo 1959

4807

#### MINISTERIO DE EDUCACION NACIONAL

**RESOLUCION de la Dirección General de Bellas Artes por la que se da corrida de escalas en el Escalafón de Profesores de entrada de Escuelas de Artes y Oficios, por jubilación del señor Asorey.**

Vacante una dotación en el Escalafón de Profesores de entrada de Escuelas de Artes y Oficios, por jubilación del señor Asorey.

Esta Dirección General ha resuelto se produzca el reglamentario movimiento de escalas y, en su consecuencia, ascender, con efectos de 5 de los corrientes, a doña Victoria Martínez Villueca, de la Escuela de Motril, al sueldo o la gratificación anual de 15.300 pesetas.

La interesada percibirá, además, las pagas anuales extraordinarias que preceptúan las disposiciones vigentes.

Lo digo a V. S. para su conocimiento y efectos.  
Madrid, 10 de marzo de 1959.—El Director general A. Gallego Burín.

Sr. Jefe de la Sección de Enseñanzas Artísticas.

**ORDEN de 13 de febrero de 1959 por la que se concede Medallas de Oro de la Mutualidad Escolar a los señores que se indican.**

Ilmo. Sr.: Vista la propuesta de la Comisión Nacional de Mutualidades y Cotos Escolares de Previsión, adoptada por unanimidad para la concesión de la Medalla de Oro de la

parte en él, pero nunca que deban retrotraerse sus derechos a aquella fecha en que no existían como tales Profesores de entrada.

Por lo expuesto,

Esta Dirección General ha resuelto desestimar las reclamaciones interpuestas por los señores Fernández Villamil, Sanchis Carrillo y otros contra la Orden ministerial de 31 de mayo de 1958, por las razones expresadas.

Lo digo a V. S. para su conocimiento y efectos.

Dios guarde a V. S. muchos años.

Madrid, 6 de marzo de 1959.—El Director general, A. Gallego Burín.

Sr. Jefe de la Sección de Enseñanzas Artísticas.

**RESOLUCION de la Dirección General de Bellas Artes por la que se jubila a don Francisco Asorey González.**

Cumplida en el día 4 de los corrientes la edad reglamentaria para su jubilación forzosa por el Profesor de entrada de la Escuela de Artes y Oficios de Santiago don Francisco Asorey González,

Esta Dirección General, de acuerdo con lo preceptuado en la Ley de 27 de julio de 1918, ha resuelto declarar jubilado a don Francisco Asorey González en la indicada fecha, y con el haber pasivo que por clasificación le corresponda.

Lo digo a V. S. para su conocimiento y efectos.

Dios guarde a V. S. muchos años.

Madrid, 10 de marzo de 1959.—El Director general, A. Gallego Burín.

Sr. Jefe de la Sección de Enseñanzas Artísticas.

<sup>2</sup> Situada no edificio da Rúa San Clemente, a denominada «Escuela-Taller de San Clemente» fornecía de coñecementos profesionais aos nenos para cualificalos e permitirlles desempeñar un oficio. Funcionaba como tal nos anos 30, pois o escultor Eduardo Parrado, discípulo de Asorey, asistiu ás súas clases desde 1933 a 1937. Na posguerra, pasou a denominarse «Escuela Elemental del Trabajo» e posteriormente «Escuela de Maestría Industrial». Actualmente encóntrase nese edificio o IES San Clemente, pois nos anos setenta do século pasado, a «Escuela de Mestría Industrial» trasladou os estudos, o alumnado e o profesorado, ao actual Instituto Politécnico, na Rúa Rosalía de Castro, nº133, chamado aínda polos composteláns de sempre «a escola de mestría».

<sup>3</sup> Sita na Rúa da Virxe da Cerca, nº 32, denominada primeiro «Escuela-taller Maestro Mateo», foi despois chamada «Escuela de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos de Santiago de Compostela». Actualmente o nome oficial é Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo.

A derradeira obra foi unha encargada que lle fai Ángel Jorge Echeverri, o *Busto de Roberto Nóvoa Santos* para colocar no xardín da Facultade de Medicina. Aínda que xa non estaba ben de saúde cando a remata, finaliza a peza un mes antes do seu óbito.

### Francisco Asorey foi durmir fóra

«Inesperado fallecimiento de Francisco Asorey, el maestro de la escultura gallega» é a nova en portada do xornal compostelán *La noche*, 3 de xullo de 1961, segundo a cal leva enfermo case dous meses e, aínda que se levantou para continuar cunha reprodución de *O Tesouro*, recae de novo. Ten que encamarse e, logo de ser atendido polo Dr. Abella, o seu médico de cabeceira, case ás once da noite do domingo 2 de xullo de 1961, falece ou vai «durmir fóra», unha metáfora ben chamativa recollida por Xesús Alonso Montero.

O velorio ten lugar no seu enderezo familiar, ao que acode moita xente, e en loor de multitudes é soterrado no Panteón de Galegos Ilustres o martes 4 de xullo de 1961.



Portada de *La noche*, luns 3 de xullo de 1961.



## - Punto 1 - Rúa San Clemente, nº 3 (IES Rosalía de Castro, antigo Colexio Juan de San Clemente)

- Busto de José Ibáñez Martín, 1944, 90 x 36 x 32. Bronce



O arcebispo Juan de San Clemente en 1601 fundou o Colexio San Clemente de Pasantes como seminario para ampliar estudos os «pasantes» ou graduados, a fin de que ao remataren a carreira puidesen facerse mestres de teoloxía e predicadores. Desde a súa fundación, espertou a animadversión do Colexio Maior Fonseca, que provocou disputas por seguir sendo o único Colexio Maior de Santiago, até que un decreto de Filipe V en 1730 concedeu en exclusiva o título de «maior» a Fonseca.

A consecuencia dos moitos problemas económicos, o Colexio San Clemente desapareceu como tal en 1809 e o edificio pasa a ser ocupado sucesivamente polo Colexio de Cadetes, o Batallón de Santiago, o Seminario Conciliar desde 1829 até 1866, e desde 1883 pola Real Sociedade Económica de Amigos do País, que impartía clases de música, deseño etc.

A partir do curso 1942-43, instálase neste edificio o Instituto Feminino de Bacharelato de Santiago de Compostela, cuxa fundación se debe á proposta de María Pura Lorenzana (1907-1997), que suxire o nome de Rosalía de Castro e que dirixe o centro até 1955.

Segundo consta nos arquivos do IES Rosalía de Castro, Francisco Asorey foi profesor de debuxo neste instituto desde o ano 1943 até a década dos 50. A directora, Pura Lorenzana, encárgalle en 1944 un busto en bronce do daquela Ministro de Educación Nacional José Ibáñez Martín, que facilitara a creación deste instituto feminino a instancias da súa amiga Pura Lorenzana.

Na sala de profesores é onde se encontra actualmente esta peza, un retrato en tres cuartos, datado e asinado por Asorey na parte inferior dereita, que realizou neste bronce, liso e sen ningún tipo de aresta, un rostro en que destaca unha expresión moi tranquila e un grande realismo. Leva o traxe académico e a muceta<sup>4</sup> abotoada por diante e está toucado coa medalla de catedrático. Asorey esculpiu os brazos enteiros que rematan nunhas mans plácidas, mais na man esquerda hai un pequeno xesto de contracción ao soste un libro, entre cuxas páxinas ten un dedo como marcando o lugar

<sup>4</sup> A muceta é unha esclavina sen carapucha, distintivo dos licenciados, doutores e catedráticos universitarios.

onde está a ler, un xesto moi habitual.

Encargouse outra copia para a localidade natal de Ibáñez Martín, Valbona, unha moi pequena vila de Teruel, case limítrofe con Valencia.

José Ibáñez Martín (1896-1969), conde consorte de Marín pola súa voda con María de los Angeles Mellado, I condesa de Marín, deputado nas Cortes da II República pola CEDA (Confederación Española de Dereitas Autónomas), vinculado á sublevación franquista desde o principio, ministro de Educación Nacional de España durante o réxime franquista (1939-1951), continuou a depuración do Maxisterio español, aplicando a política de someter a educación española aos intereses do réxime e da Igrexa Católica, como deixa claro no discurso inaugural da súa toma de posesión:

«Queremos una ciencia católica. Liquidamos, por tanto, en esta hora, todas las herejías científicas que secaron y agostaron los cauces de nuestra genialidad nacional y nos sumieron en la atonía y la decadencia. [...] Nuestra ciencia actual, en conexión con la que en los siglos pasados nos definió como nación y como imperio, quiere ser ante todo católica».

Nomeado en 1939 primeiro Presidente do Consello Superior de Investigacións Científicas, organismo que substituíu a anterior Xunta para Ampliación de Estudos e Investigacións Científicas do período monárquico e republicano, e que integrou outros centros de investigación antes dispersos, ao xubilarse en 1967, pasa a ser Presidente de Honra vitalicio do CSIC.



1950: reunión de membros do Padroado Rosalía de Castro en A Matanza (Padrón). O Padroado estaba en tratos para comprar e restaurar a derradeira casa en que morreu a poeta. Gala Murguía de Castro, a filla de Rosalía, aparece sentada, á súa esquerda Pura Lorenzana con traxe escuro e bolso en bandoleira. Xusto detrás e á súa esquerda está Francisco Asorey con traxe e gravata. (Fotografía da RAG)

## - Punto 2 - Rúa Do Vilar, 59 (Pazo de Vaamonde)

- **Petador ou chamador. Bronce**

Este edificio barroco do século XVIII, a casa-pazo de Vaamonde, de baixo e dous andares, sobresaí do aliñamento das casas da Rúa do Vilar e a entrada ten un inmenso soportal cun arco frontal que dá á Rúa e dous laterais. Na fachada encóntrase un chamativo escudo e na porta de entrada destaca o chamador, encargado polo Doutor Joaquín Vaamonde Rodríguez, coñecido médico compostelán, especialista en raios X e que consultaba no Sanatorio Cirúrxico San Lourenzo.

Na actualidade o edificio ocúpao a sede do Consorcio da cidade de Santiago, instituído en 1992 como órgano executor do Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela, cuxo obxectivo principal é preservar e revitalizar a urbe e o seu patrimonio cultural.

No petador en bronce, Asorey representa un sapo e unha serpe, pois ambos os dous animais están relacionados coa medicina e, no eixo que une o chamador coa base suxeita á porta, aparecen dúas cunchas de vieira, unha a cada lado da bisagra.

Non é unha peza excesivamente coñecida pois, para vela, cómpre ir por dentro do soportal, o lugar ten pouca luz e o petador pasa desapercibido.



## - Punto 3 - Rúa Xelmírez, nº 17

- **Placa a Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, 1921. Bronce e mármore**

Asorey realiza esta obra con elementos xeométricos para a casa onde nace Bernardo Barreiro. Nun óvalo adornado con grilandas, represéntase o seu retrato en bronce e a cruz de Santiago por detrás. O rostro que mira de fronte e con gran realismo está enmarcado entre dúas columnas verticais de mármore cun lintel por enriba como se fose un dolmen. O mármore con vetas da decoración floral e das placas de diferentes cores aporta máis efecto plástico á obra. Na inscrición dise:

«Ofrenda de reconocimiento y cariño a la grata memoria de Bernardo Barreiro de W (Vázquez Varela), ilustre arqueólogo, historiador, poeta y periodista, que dedicó por entero a la glorificación de su amada tierra Galicia el entendimiento, el corazón y la pluma. XX enero MDCCCLI- XXI noviembre MCMIV».



Bernardo Barreiro de Vázquez Varela (1850-1904), historiador, xornalista e poeta galego, autor de ensaio, artigos, poesía, foi arquivista da Deputación Provincial da Coruña (1881). Militou no Partido Republicano e foi secretario do Comité Revolucionario de Santiago de Compostela, polo cal tivo que exiliarse dúas veces na Arxentina, onde redactou os estatutos do Centro Galego de Bos Aires. Fundador da revista *Galicia Diplomática* (1882-1889), colaborou en xornais como *El Heraldo Gallego*, *Gaceta de Galicia*, *Revista Compostelana de Instrucción y Recreo* e *El Diario de Santiago*.

Bernardo Barreiro foi un dos axudantes de Murguía (1833-1923) na procura de documentación en arquivos e bibliotecas, consérvase moitas das súas cartas a Murguía.

## - Punto 4 - Rúa do Franco, s/n (Pazo ou colexio de Fonseca)

- **Placa ao doutor José Rodríguez Carracido, 1926, 145x97. Bronce e mármore**

O edificio, estilo renacentista do s. XVI, foi mandado construír polo arcebispo Alonso III de Fonseca (1475-1534) para converter a casa onde el nacera nun colexio de Gramática, o Colexio de Santiago Alfeo, que comeza a funcionar en 1554, data sinalada como fundacional da Universidade de Santiago de Compostela.

De 1815 a 1821 houbo en Santiago un colexio de boticarios con sede na Casa da Inquisición, actual Hotel Compostela. A Lei de instrución pública de 1857 ou Lei Moyano permite a creación da Facultade de Farmacia de Santiago: instálase no Colexio de Fonseca e comparte espazos coa Facultade de Medicina até que esta se traslada en 1928 ao edificio promovido por Montero Ríos (1832-1914) na Rúa San Francisco. Farmacia continúa en Fonseca até 1971, en que muda para o Campus Sur.



A placa a *Rodríguez Carracido*, en bronce, con marco de mármore, modelouse en 1924 e inaugurouse en 1926. Colocada na parede da escalinata de acceso do claustro ao 1º andar, non ten boa visualización.

A figura alegórica de Minerva, deusa da intelixencia, das artes, do coñecemento e da sabedoría, protexe por detrás a Carracido, con toga de doutor, retratado de fronte, pero coa cabeza lixeiramente virada cara á súa esquerda, as mans descansan nun gros libro. Debaixo, a copa e a serpe, emblemas de Farmacia, coa inscrición:

«TESTIMONIO DE CARIÑO AL EXCMO SR D JOSE RODRIGUEZ CARRACIDO, SABIO BIOLOGO, ORADOR ELOCUENTE, EXIMIO HIJO DE SANTIAGO, ALUMNO ESCLARECIDO DE ESTA FACULTAD DE FARMACIA, RECTOR DE LA UNIVERSIDAD DE MADRID, ETC ETC MCMXXIV».

Carracido (Santiago, 1856 - Madrid, 1928), bioquímico, periodista, literato, senador, catedrático de química orgánica e de química biolóxica na Universidade en Madrid, foi reitor e desde 1922 presidente da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais.

## - Punto 5 - Praza do Obradoiro, s/n (Reitorado da USC)

- **Busto de Lino Torre, 1923, 58x54x34. Bronce**
- **Busto de Ramón María Aller Ulloa, 1960, 54x30x35. Bronce**

O Colexio de San Xerome, actualmente sede do Reitorado da Universidade de Santiago, é un edificio construído no s. XVII para acubillar unha antiga fundación do arcebispo Alonso III de Fonseca, un colexio-residencia para estudantes pobres e artistas que se encontraba no hospicio da Acibecharía e que dependía do Colexio de Fonseca. Trasládouse en 1652 á daquela denominada Praza do Hospital, hoxe Praza do Obradoiro, até a súa desaparición en 1840.

Neste novo edificio de 1652 instalouse a portada románica do antigo hospicio da Acibecharía. No centro da arquivolta está a Virxe co Neno rodeada de santos e santas, a Inmaculada no centro do tímpano entre Santa Margarida e Santa Catarina. Sobre a portada, o escudo de Fonseca e no interior un claustro con patio. Á esquerda da portada, as estatuas de Santiago Apóstolo, coa vieira, San Xoán e San Francisco. Á dereita, para remarcar a igualdade dos dous santos, San Pedro coa chave fronte por fronte a Santiago Apóstolo coa vieira, San Paulo e San Mauro.

- **Busto de Lino Torre, 1923, 58x54x34. Bronce**



Nunha das salas de xuntas do primeiro andar encóntranse os bustos de Ramón María Aller Ulloa e de Lino Torre. Este destaca polo realismo, pois reproduce fielmente os trazos fisionómicos, a serenidade e a seguridade. Vestido coa toga na que se plasma a calidade das teas ao reproducir o pano, toucado coa súa medalla de catedrático, non porta muceta. Como a maioría dos retratos que fai Asorey, o rostro non está totalmente de fronte senón que vira a cabeza lixeiramente cara á súa dereita, o que confire movemento e vivacidade á escultura, que está asinada e datada.

Lino Torre Sánchez-Somoza (1866-1921), catedrático de Dereito Mercantil da Universidade Compostelá, foi o primeiro reitor (1920-21) elixido polo claustro no proceso de autonomía da universidade. Nomeado alcalde de Santiago en 1906, como está en contra da Lei de Descanso Dominical, enfróntase ao Gobernador civil da provincia, Felipe Crespo Lara, e dimite como alcalde a 17 de xaneiro de 1909. Vencellado ao monterismo do tamén compostelán Eugenio Montero Ríos, saíu elixido deputado polo distrito de Betanzos nas eleccións de 1910 e volveu ser reelixido polo mesmo distrito en 1916.

- **Busto de Ramón María Aller Ulloa, 1960, 54x30x35. Bronce**



Na mesma sala expónse o busto de Aller Ulloa, bronce sobre pedestal de granito, asinado na parte lateral dereita. Cando Asorey en 1958 preparaba a estatua de Aller Ulloa para o Concello de Lalín, o catedrático de Historia Ramón Otero Túdez encargoulle en 1960 o busto para a Universidade.

O pedestal de granito é liso, a cabeza en bronce xorde dunha base rugosa traballada no propio metal e Asorey quere realzar as virtudes do matemático, o seu amor e a amabilidade, co plácido e tranquilo rostro, cuxo sorriso lembra o do profeta Daniel no Pórtico da Gloria, simplemente esbozado pero efectista.

O bosquejo encóntrase no Museo do Pobo Galego entre as obras cedidas pola familia para o Museo Municipal.

Ramón María Aller Ulloa (1878-1966), astrónomo, matemático e sacerdote, constrúe na década de 1910 na súa casa de Lalín o primeiro observatorio astronómico de Galicia. Ingresa no Seminario de Estudos Galegos en 1928 cun discurso sobre José Rodríguez González (1770-1829), o matemático de Bermés (Lalín), un dos científicos que conformaron a magnitude do metro e o sistema métrico decimal.

A partir de 1939 imparte aulas de Xeometría e Análise Matemática na Universidade de Santiago de Compostela e en 1944 créase para el a cátedra de Astronomía, forneceu o material para poder fundar o observatorio astronómico da USC, e inventou aparellos de medición e observación.

Segundo José Angel Docobo Durántez (1991), profesor e director do Observatorio Astronómico da USC, en *La Obra científica de Aller Ulloa*:

«A produción científica de Aller, tendo en conta os medios, a época e os lugares onde a desenvolveu, foi excepcional: 78 artigos en revistas especializadas... 4 libros, 5 teses de doutoramento dirixidas e 4 estrelas dobres descubertas. Ademais, foi autor de numerosos deseños de instrumentos científicos e unha infinidade de observacións, cálculos, notas e catálogos estelares que ficaron inéditos. Por todo iso está considerado como un dos astrónomos españois máis salientables do século XX».

## - Punto 6 - Praza do Obradoiro, nº 1 (Pazo de Raxoi)

- **Retrato de dona Jesusa Ferreiro, a muller de Asorey, 1944, 146x112x48. Bronce**

O terreo en que se asenta o Pazo de Raxoi estaba ocupado polos cárceres civil e eclesiástico de Santiago e por un treito da muralla de mediados do s. XI.

Edificio civil e neoclásico do s. XVIII mandado erguer polo arcebispo Bartolomé Raxoi e Losada (1690-1772), a inscrición do friso dá como data de construción entre 1766 e 1772, o Pazo albergaría o Consistorio compostelán, a residencia para os nenos do coro da catedral, o Seminario de Confesores e, no soto, os cárceres. A fachada mide case 90 metros de lonxitude, cunha loxa ou soleira a xeito de galería ou pórtico con soportais, con vinte arcos de medio punto en cada lado e cinco con lintel ou cubrición no centro. No primeiro andar hai un balcón corrido e unha gran balaustrada no ático. Nos dous frontóns laterais locen os escudos de Raxoi, no central o tímpano en que José Gambino (1719-1775) representa a Batalla de Clavijo e no cumio do frontón *Santiago ecuestre*, obra do escultor Xosé Ferreiro (1738-1830). Na actualidade, é a sede do Concello de Santiago de Compostela, do Consello da Cultura Galega e dalgunhas dependencias da Xunta de Galicia.

Nos anos 80 do século pasado, sendo alcalde Xerardo Estévez, a partir dun bosquexo inacabado en escaiola gardado no obradoiro de Tras Santa Clara, que retocou un dos seus discípulos, Fernando García Blanco (1939-2008), coñecido como o escultor de Bonaval, fíxose a copia en bronce do retrato de Dona Jesusa Ferreiro, a muller de

Asorey, que se sitúa no vestíbulo do Pazo de Raxoi, á dereita da porta de entrada. Lamentablemente o bosquexo foi esnaquizado no momento da fundición.



Como nas tumbas etruscas, reclinada nunha especie de diván ou cadeira con patas en forma de poutas de animal, Jesusa Ferreiro Casal está en actitude de posar, vestida cun traxe axustado até a cintura e logo aberto en grandes pregues que caen até o chan, que o propio Asorey deseñou coa intención de enxalzar a beleza da súa muller. A man esquerda apóiase no diván, o cóbado do brazo dereito sobre un libro aberto. Coa man ergueita no ar, parece que Jesusa Ferreiro xoga distraidamente cun colar de pérolas enroscado ao longo do brazo e suxeito pola man, mentres, aos pés da cadeira, un gato entretense cun cordón.

## - Punto 7 - Rúa de San Francisco, s/n (Facultade de Medicina)

- **Placa ao doutor Narciso Carrero, 1920. Mármore e bronce**
- **Cranio xigante, 1924. Escaiola**
- **Placa ao doutor Miguel Gil Casares, 1932. Bronce**
- **Busto do doutor Alejandro Rodríguez Cadarso, 1934. Bronce e granito**
- **Placa do esqueleto pensante, 1943. Escaiola**
- **Busto de Roberto Nóvoa Santos, 1961. Bronce**

Os estudos de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela creáronse a 3 de decembro de 1648 en que se dotaron as súas primeiras cátedras. Instalouse no Colexio de Fonseca onde compartiu espazos con Farmacia até o ano 1928 en que a Facultade de Medicina se trasladou á Rúa de San Francisco, no edificio mandado construír por Montero Ríos (1832-1914), de estilo neoclásico para non desentoar coa súa contorna por situarse a carón do Hospital Real, hoxe Hostal dos Reis Católicos, cunha galería cuberta que unía os dous edificios para facilitar o paso de médicos e estudantes ao hospital.

Profesor da facultade de Medicina desde 1918 até a súa xubilación, este é o espazo de Compostela onde se poden contemplar máis obras de Francisco Asorey, seis distintas, que van desde 1919 a 1961 que se corresponden con diferentes etapas da súa vida.

- **Placa ao doutor Narciso Carrero, 1920, 116 X 167. Mármore e bronce**



Situada na planta baixa, é unha homenaxe do Concello para honrar o doutor Narciso Carrero, falecido por mor do andazo de «grippe» na pandemia de 1918 a 1920, pois o labor médico de Narciso Carrero foi extraordinario. Amigo persoal de Asorey.

A obra, asinada e coa data de 1919, é unha placa en mármore encadrada en dúas columnas acanaladas con capitel sen traballar, liso, sen ningún tipo de decoración, con coroas de loureiro en ferro e escudos en bronce, aínda que o da esquerda desapareceu. A inscrición en letras de bronce insiste no recoñecemento aos médicos por parte do Concello compostelán:

«Homenaje de gratitud y admiración. A los médicos que durante la epidemia grippal de 1918 prestaron abnegados servicios en la ciudad Compostelana. Al Dr. Narciso Carrero Goyanes fallecido en el cumplimiento de humanitario

deber. El Ayuntamiento de Santiago por acuerdo de 11 de diciembre de 1918».

- **Cranio xigante, 1924, 118 x 76. Escaiola**



En 1924 gaña a titularidade da Praza de Escultor anatómico, para cuxa oposición construíu este cranio en escaiola, policromado e de grandes dimensións: mide 118 cm na parte anteroposterior e ten 76 cm de ancho. Aberto na parte superior, serve para mostrar todos os accidentes óseos do interior do cranio humano.

Colocado sobre unha base de madeira na Aula 1 de Anatomía, onde estaba tamén o busto de Cadarso, durante moitos anos utilizouse como obxecto de estudo para o alumnado. Coa reforma do edificio e a desaparición da aula de anatomía, colgouse na parede da escaleira que desde a planta baixa da Facultade descende ao soto.

- **Placa ao doutor Miguel Gil Casares, 1932, 154 x 120. Bronce**



Asinado na esquina inferior dereita o retrato de tres cuartos de Gil Casares, coa man dereita erguida en sinal de estarse dirixindo a alguén e a esquerda suxeitando un libro, co traxe académico, presenta unha pose moi natural que pretende louvar a sinxeleza e a caridade do médico, en actitude de ensinanza, labor ao que dedicou a súa vida. Detrás del, coa cabeza e torso á dereita de Gil, aparece a figura espida dun varón deitado ao xeito das esculturas clásicas.

A placa está enmarcada, enriba da cabeza do médico aparece un escudo, na parte inferior a inscrición:

«La memoria del esclarecido maestro Excmo Sr Dn Miguel Gil Casares perdurará siempre en esta casa en donde agotó su existencia consagrado a la enseñanza, a la investigación y a la caridad. Sus compañeros, discípulos y admiradores rinden este fervoroso homenaje a sus virtudes».

Miguel Gil Casares (1871-1931), catedrático de Medicina, moi preocupado pola situación sanitaria en Galicia, sobre todo pola tuberculose que decimaba a poboación, foi un dos promotores e organizadores do Congreso Galego da Tuberculose celebrado na illa da Toxa en outubro de 1925 e fundou o Sanatorio antituberculoso da Lanzada, que se constrúe en 1927 e funciona até 1958. De familia fidalga, rexionalista de ideas conservadoras, membro numerario da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela, lideraba na sombra o grupo conservador ligado ao galeguismo rexionalista da universidade compostelá. En 1916, cando se constituíron en Santiago as Irmandades da Fala, presentouse e foi elixido Conselleiro 3º con 45 anos, dato importante que indica a consciencia do significado das Irmandades para a cultura galega.

- **Busto do doutor Alejandro Rodríguez Cadarso, 1934, 84 X 170. Bronce e granito**




Base de granito, busto e inscrición de bronce. Asorey concibeo para ser situado a certa altura na Aula 1 de Anatomía e para verse desde abaixo, pois Cadarso dirixe a vista cara a abaixo como se mirase o alumnado. A modo de homenaxe, presidía a aula de anatomía, materia da que Cadarso foi profesor até a súa morte. Ao desaparecer polas reformas a Aula 1, colocouse no lugar actual, na parede da parte esquerda da escada que sae da entrada principal e que leva aos andares superiores da Facultade.

Asorey traballa os detalles do pescozo e do rostro con grande realismo e doces trazos, saíndo dun pedestal de bronce a modo de rocha sen traballar, sobre unha base de granito de 50 cm de alto, onde se insiren as letras en bronce, «*Cadarso, 1887-1933*».

Cadarso (Noia, 1887), médico, político, republicano, galeguista. Profesor de Anatomía Descritiva, reitor da Universidade de Santiago (1930), como tal, pretendeu ligar a

Universidade coa cultura galega e coa sociedade galega en xeral, favorecendo a súa modernización.

Desenvolve o proxecto do Campus Sur e da Residencia de Estudantes. Fundador do Instituto de Estudos Portugueses, foi deputado (1931-1933) pola ORGA, caracterizándose polo seu apoio á autonomía de Galicia. Con 46 anos, cando se dirixían a unha conferencia en Madrid, nun accidente de automóbil preto da localidade zamorana de Lubián morre xunto co médico e profesor Francisco Bacariza Varela, psiquiatra tamén, compañeiro de Baldomero Lois.



Deputados galegos a 25 de xullo de 1931 no Café Regina de Madrid. Arredor da mesa, de esquerda á dereita: Ramón Suárez Picallo, Daniel Vázquez, Rodríguez Cadarso, Castelao, Nóvoa Santos, Antón Villar Ponte, Poza Juncal, Otero Pedrayo e Antón Alonso Ríos. As dúas persoas de pé da dereita descoñecidas. (Wikimedia.org: deputados galegos de 1931)

- **Placa do esqueleto pensante, 1943, 285x143. Escaiola pintada**

Asorey realiza esta escaiola por mor do IV congreso Luso-Hispano-Americano de Anatomía (1943), coa inscrición «*Vivitur ingenio coetera mortis erunt*» (*Vivimos polo espírito. O resto das cousas son da morte*), que procede dun gravado do pintor e matemático alemán Alberto Dürero (1471-1528). Parece bronce, mais é escaiola branca,

pintada despois por Manuel Bonome (Conxo, 1926-2017), o último escultor anatómico en Santiago.

O esqueleto apoia o seu queixo sobre a man esquerda, e a man dereita nun cranio que descansa sobre un túmulo. Dá a impresión de que está en actitude pensativa ensimesmado contemplando os restos humanos. Asorey innova a imaxe ao esculpir no túmulo en que se apoia o esqueleto, cinco personaxes que fan a disección dun cadáver sobre unha mesa de mármore das prácticas de anatomía, unha mesa moi similar á que se atopa agora no mesmo vestíbulo onde se sitúa o *Esqueleto pensante*. As figuras correspóndense con persoas relacionadas coa Facultade: comenzando pola nosa dereita, un dos fillos de Cadarso, o profesor Fontán, no centro o profesor Echeverri, descoñecidos a muller e o home da nosa esquerda.

• **Busto de Roberto Nóvoa Santos, 1961, Busto 60 X 40, pedestal 227 X 71. Bronce e granito**

Asorey usa o recurso de esculpir no propio bronce unha base rugosa que semella pedra pouco traballada, a partir da cal o metal se vai suavizando para dar paso ao retrato: o rostro vírse cara ao ombreiro esquerdo, co que a mirada, algo cansa e de marcadas olleiras, se dirixe lixeiramente cara a abaixo, con expresión de certa tranquilidade e algo de cansazo e co pelo como grandes quedellas.

Roberto Nóvoa Santos (1885-1933), profesor de Patoloxía na Universidade de Santiago. En 1916 publica o *Manual de Patología General* que se converteu nun referente en todo o mundo hispano durante décadas. Polas súas ideas anarquistas e polo seu discurso na inauguración do ano académico 1920-21, sufriu un forte ataque do clero compostelán. Motivado polo seu malestar no traballo e polas moitas inimidades que tiña entre o profesorado da USC, en 1928 preséntase e gaña a cátedra de Patoloxía na Universidade de Madrid.

Deputado en 1931 pola Federación Republicana Galega, defendía unha república integral, unitaria, que recoñecese as autonomías e interveu en contra da concesión do dereito ao voto ás mulleres, ás que consideraba inferiores. Di a páxina web da Real Academia Galega:

«En La indigencia espiritual del sexo femenino, Nóvoa Santos desenvolve unha teima machista que o acompañou até a fin dos seus días e que, pouco antes de morrer, o levou a votar, no Congreso dos Deputados español, en contra do sufraxio feminino, alegando a presenza dun carácter reaccionario por natureza nas mulleres».



## - Punto 8 - Campiño de San Francisco, s/n

- **Monumento A San Francisco de Asís, 1926-1930, 12 M X 4,12 M X 4,12 M. Granito**

Francisco de Asís (1182-1226), fundador da Orde Franciscana, reivindicador da protección dos animais e do medio ambiente, peregrinou, consonte a tradición, a Santiago en 1213 ou 1214 e foi en Compostela onde o Santo recibe a «orde celestial» de fundar conventos por toda a Península para a expansión da súa Orde.

Os franciscanos queren celebrar, en 1926, o VII centenario da morte do seu fundador e pensan nun monumento, encomendándollo a Asorey. As moitas achegas económicas ao modesto proxecto inicial, permiten amplialo.

A primeira pedra colócase a 17 de outubro de 1926, mais a inauguración definitiva será a 24 de xullo de 1930, acto ao que asisten moito público e autoridades eclesiásticas, civís, militares e culturais de Santiago, de Galicia e de España. De entre os varios discursos, destacou o de Isidoro Millán Mariño (1890-1983), avogado, político e xornalista galego, e a lectura dun emotivo poema composto e recitado polo poeta Ramón Cabanillas (1876-1959). A composición remata cos seguintes versos:

¡Ou ti, santo dos santos,  
fogueira sempre acesa,  
o das chagas diviñas  
nos pes, nas mans e no costado abertas,  
como nadas no ceo  
luminosas como estrelas!  
¡Ou, ti, santo dos santos,  
cabaleiro e poeta  
que deixache do Pórtico da Gloria  
nas pedras milagreiras  
un recendo diviño que perfuma  
toda a terra galega!  
¡Fai verdecer en rosas  
con froración eterna  
esta groriosa Casa  
da tua man ergueita  
carón da Tumba sagra  
na nobre Compostela,  
e benzoa esta terra que é tan tua  
por homilde e por probe e por gallega!.

Este *San Francisco* é o último gran traballo de Asorey no seu obradoiro de Caramoniña. A obra é un monumento de 12 m de altura, asentado sobre unha plataforma de 4.10 m de ancho en cada lado e cun alto de catro ringleiras de bloques de perpiaño, onde Asorey grava, ademais da dedicatoria co ano, a súa sinatura, aínda que hoxe é imposible de ver, pois na reordenación da Rúa agochouse coa terra colocada arredor da base.

A 25 de xullo de 1930, o xornal *El Eco de Santiago* publica unha reportaxe sobre a inauguración e describe a obra composta por unha base e tres corpos.

## Baseamento ou base

Segundo *El eco de Santiago* «Constituyen el basamento del crucero unos recios bloques de piedra en forma de picachos de montaña, que simbolizan las asperezas de aquella sociedad medioeval, en que alumbró el genio del Serafín de Alvernia».

Na plataforma cadrada de 4.10 m de ancho, cunha altura de catro fileiras de bloques de granito de cantaría, onde está a hoxe agochada sinatura de Asorey, consérvase a inscrición conmemorativa que comeza na parte lateral esquerda, segue pola frontal e remata no lateral dereito:

«La caridad franciscana erigió este monumento al pobrecillo de Asís en el VII centenario de su muerte. MCMXXVI».

Por riba dos perpiaños, sitúanse os recios bloques de granito verticais sen labrar, como se fosen menhires, cos que Asorey pretende aludir a unha Galicia intemporal, base de toda a nosa historia. Por riba destas antas encóntranse de novo dúas ringleiras de bloques de granito traballado con cicel, que dan paso ao corpo superior ou primeiro corpo.



COMPOSTELA - Monumento a San Francisco en el VII Centenario de su muerte. - (Obra de Asorey)

## Primeiro corpo

*El Eco de Santiago* informa: «Dos grupos representativos de la aristocracia y de la clase humilde, ofrendan su devoción a San Francisco, expresando de esta suerte el culto unánime que despertó en todos los estamentos sociales. En los planos laterales el «hermano cordero» y el «hermano lobo», ejemplos de la mansedumbre y la fiereza, dominados por el «quid divinum» que ilumina las palabras del santo». (...) «En la parte posterior del crucero, presidida por el escudo franciscano, sintético y sujerente, se agrupan los continuadores de la Orden, su escolta de honor. Frailes mayores, frailes menores y hermanos terciarios, que prestigian sus censos con el nombre inmortal de Miguel de Cervantes Saavedra».

Desde a parte frontal, a que mira cara á catedral, este primeiro corpo, de 2,10 m de altura, mostra catro grupos de imaxes:

1. A sociedade gótica: o Poder e o Pobo avanzan cara ao centro en actitude de ofrenda a San Francisco, separados por unha ancha columna de granito cicelada que pode significar a grande división entre os dous estamentos:

- O grupo que simboliza o Poder na sociedade gótica: o Rei co seu cetro, o Cabaleiro de xeonllos coa súa espada e o Clero, co báculo. Cetro, espada e báculo son emblemas de poder. Este grupo artístico ten relación cos baixorrelevos persas, en que os representantes de cada provincia levaban en procesión os seus presentes ao monarca.
- O grupo do Pobo na sociedade gótica, simbolizado nunha familia campesiña: en primeiro lugar o pater familias, o pai, que descansa pensativo apoiado no sacho, o seu instrumento de traballo. Detrás a muller como nai e como unión coa terra, alegoría da muller-maternidade pola unión co fillo aínda pequeno que leva no colo, ao que sostén coa man dereita, alegoría da unión muller-terra polas flores que lle caen da man esquerda. Á dereita, detrás da nai, unha filla case adolescente coas mans entrelazadas á altura do peito mira todo con curiosidade.



2. No segundo grupo figurativo, situado detrás do Pobo, a ovella protexe o seu año entre as patas, clara alusión ao cristianismo, ao año de Deus, polas características aplicadas a estes animais: a resignación e mansedume que San Francisco inculcou ao pobo.
3. Na parte posterior, na cara que mira o convento, Asorey amosa o grupo dos continuadores masculinos e femininos da orde franciscana co escudo no centro:
  - Un grupo formado por tres mulleres, as continuadoras: santa Clara (1194-1253), a referencia feminina da vida franciscana, como as monxas clarisas circunscriben as súas vidas á oración e aos traballos no mosteiro, represéntase a Santa Clara con expresión mística e co ostensorio na man; unha relixiosa sentada, que medita e ora, alude ao rezo e ao traballo, predicados polos franciscanos e franciscanas; por fin, unha dama cinxe a súa roupa co cordón franciscano, as terciarias ou Terceira Orde<sup>5</sup>.

<sup>5</sup> San Francisco de Asís en 1221 funda a Terceira Orde, os denominados terciarios e terciarias, que son de dous tipos: ben persoas laicas (homes ou mulleres) que poden estar casadas ou por outros compromisos non queren entrar a vivir no mosteiro, ben sacerdotes que profesan votos solemnes de castidade, pobreza e obediencia, consagrados ao servizo da Igrexa, polo que tampouco viven no mosteiro. A laica coñécese actualmente co nome de «Terceira Orde Franciscana Segrar» e a dos sacerdotes como «Terceira orde regular de Sacerdotes».

- O escudo da Orde franciscana, constituído por catro elementos, entre os que destacan os dous brazos cruzados sobre a cruz Tau ou Tao, a última letra do alfabeto hebreo. O primeiro brazo espido representa a Cristo e o segundo a San Francisco, cos estigmas en cada unha das mans. Debaixo aparece a cruz potenziada ou de Xerusalén: unha cruz grega cun traveseiro cerrando cada brazo, semellando un círculo cadrado, cruz potenziada que se atopa en moitos edificios de Compostela, pois é a marca de propiedade do antigo Hospital Real de Santiago.
  - Un grupo formado por tres homes, os continuadores: o predicador San Bernardino de Siena (1380-1444), vicario xeral da Orde e diplomático, cun libro nos brazos co anagrama de Cristo; un frade que medita, símbolo dunha profunda vida interior; un cabaleiro da Terceira Orde ou terciarios<sup>6</sup>. Para o frade, en actitude pensativa que reflicte a riqueza do seu interior, serviu de modelo un monxe do propio convento de San Francisco.
4. O cuarto grupo compóñeno un coelliño de orellas ergueitas e o lobo de Gubbio, o feroz e terrible animal que asolaba a cidade italiana de Gubbio, ao que Francisco buscou e conminou a non facerlle máis mal a ninguén, converténdoo no irmán-lobo. Asorey represéntao co coello entre as patas como símbolo da irmandade entre os seres da natureza.

Da unión entre o primeiro e o segundo corpo, *El Eco de Santiago* indica: «Rodea el monumento y lo sujeta el cordón franciscano que, al anudarse, forma cornisas, capiteles y pedestales». Estes dous corpos únense con cinco fileiras de perpiaños que se estreitan cara a arriba, para dar sensación de espiritualidade, nunha clara alusión á orde de Asís, con pedras anoadas que caen verticalmente a xeito de cordón do hábito franciscano, e que serven como pedestal das tres alegorías das virtudes.

### Segundo corpo

*El Eco de Santiago* describe este segundo corpo: «Sobre el más alto se arrullan, en deliquios de amor divino, tres gracias tocadas de las celestiales locuras: La Castidad, la Pobreza y la Obediencia. En el frente, elevándose del plano de las figuras, surge la del santo de Umbría,



COMPOSTELA - Monumento a San Francisco en el VII Centenario de su muerte. - (Obra de Asorey)

<sup>6</sup> No século XVII os terciarios de Compostela levantan unha capela propia, a Capela da Orde Terceira, no denominado Campiño de San Francisco, nos terreos estremeiros co mosteiro, formando un ángulo recto coa fachada do convento e da Igrexa. Dedicán tamén unha parte dos seus terreos para Cemiterio da Orde Terceira, onde hai varios panteóns de familias compostelás mais tamén tumbas de franciscanos. Está case sempre cerrado e non se pode acceder a el máis que en certas visitas guiadas.

bellísima, rodeada de una sinfonía de lirios y de rosas. Corona el monumento -que tiene la exaltación de un vuelo místico- un Cristo alado, ingravido, de ensueño, que solo descubre la cabeza herida, parte del torso y los brazos, en ademán de perdón. Al fondo, como en silueta, cruz o estrella, imagen de más altos destinos. De las manos del crucificado descienden a las del «Poverello» guirnaldas de palomas, que encarnan la adhesión al Redentor...»

Este segundo corpo, de 2,25 m de altura, presenta catro imaxes coa seguinte orde, Francisco de Asís na parte frontal, e ao redor as tres grazas alegóricas das virtudes: Pobreza, Castidade e Obediencia.

Na fronte, mirando cara á catedral, con 2'80 m de altura, a estatua de San Francisco preside o monumento e estende os seus brazos coas mans abertas como se fose abrazar a Catedral, aludindo á súa peregrinación a Compostela. Viste o hábito da Orde en granito gris escuro, co cordón en mármore branca anoado á cintura e con tres nós. A cabeza, as mans e os pés, as partes do corpo que fican á vista, escúlpense en mármore sepia, o rostro sereno, ollos pechados e sorriso, mostrando os estigmas de Cristo en pés e mans. Para este san Francisco, Asorey usa como modelo un home moi pobre, coñecido simplemente como Otero, un mandadeiro do obradoiro a cambio de comer cos operarios.



Cómpre destacar o realismo anatómico da estatua, nos pés débúxanse perfectamente os tendóns, os torsos reflicten a anatomía... por mor da súa profesión de escultor anatómico.

Arredor do Santo, coloca grupos de rosas, lirios e pombas que serven para unir este corpo co superior.

Tres mulleres son as tres virtudes, Pobreza, Castidade e Obediencia:

A Pobreza, á dereita de Francisco, unha doncela erguida de pé, sorrí sobre as espiñas da súa penuria, con pregues acanalados na túnica e un rostro doce.

A Obediencia ten grande movemento, co corpo en torsión e en tensión, parece tremer na súa loita interior para se desprender dos praceres mundanos.

A Castidade, á esquerda de Francisco, leva na man un lirio, a flor da pureza, e ergue a súa man en actitude de bendicir.

### Terceiro corpo

Na parte frontal, con 2'25 m de altura, Cristo, protector de Francisco, móstrase como o

serafín alado, con seis alas de chamas que irradian os raios de luz cos que no Monte Verna ou Alverna (Toscana), como sinal de amor ao santo de Asís, lle concedeu os seus mesmos estigmas: as feridas nas mans e monecas e nos pés, provocadas polos cravos; as feridas na cabeza, provocadas pola coroa de espiñas; as feridas no lombo, como as do látego da flaxelación.

Nesta representación de Cristo alado, Asorey combina as formas humanas coas extremidades membranosas, para as membranas usa un fino granito branco que contrasta co sepia do conxunto e que as fan máis rechamantes e portadoras de máis luz.



*El eco franciscano*. Páxina 360

A iconografía do Cristo é románica, de rostro frontal e hierático, con estudo anatómico do torso, con coroa de espiñas, encaixado nunha estrutura en forma de estrela ou cruz, como o típico cruceiro galego, mirando cara á Catedral, sinalando o camiño.

A parte posterior é lisa, sen imaxes, mais traballada a cicel, só se ve a forma xeométrica do cruceiro, cal a parte superior dunha estrela que irradia luz e calor a quen a contemple.

## - Punto 9 - Rúa San Roque, nº 2 (Antigo Hospital de San Roque)

- **Códeo Compostelán, 1918, 62x38x32. Escaiola**
- **Bosquexo do Busto do Padre Feijóo, 1947. Escaiola**

O edificio do Hospital e Igrexa de San Roque é unha construción renacentista do s. XVI, aínda que reformado no s. XVIII. Por mor dos andazos de peste que asolaron Galicia no s. XVI, o arcebispo Francisco Blanco de Salcedo mandou erguer este hospital con fins asistenciais, dedicándollo a San Roque, un dos santos máis invocados para protexer contra as epidemias, sobre todo peste e cólera, e tamén patrón dos peregrinos.

A fachada renacentista do s. XVI é atribuída a Gaspar de Arce (1538-1603), o edificio ten planta rectangular e un claustro de dúas galerías cun patio no medio. A Igrexa, que forma conxunto co hospital, é de planta rectangular e estilo barroco do s. XVIII e no seu interior conta cun dos máis importantes retablos de Simón Rodríguez (1679-1752).

O *Códeo* e o bosquexo do *busto do Padre Feijóo* expóñense no corredor do andar superior que rodea o claustro do antigo hospital de San Roque, que hoxe alberga o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

- **Códeo Compostelán, 1918, 62x38x32. Escaiola**



Agasallo de Asorey ao Seminario de Estudos Galegos, o *Códeo compostelán*, feito en escaiola no ano 1918, representa un aspirante a crego, un seminarista, que daquela recibía o mal nome de códeo, facendo alusión ás codias de pan coas que se alimentaban os estudantes pobres. É o retrato en tres cuartos dun mozo co rostro lixeiramente inclinado, vai vestido con sotana e esclavina tradicionais, cun colo moi amplo. Leva na man esquerda o libro de estudante en cuxa portada aparecen a cruz de Santiago e unha vieira sobre a lenda «Código Compostelano»; para reflectir os consellos da sabedoría popular, Asorey inclúe na imaxe, apoiado no libro do estudante, un corvo que o rapaz acariña coa man dereita. O seminarista ten as costas apoiadas nunha columna sobre a que se sitúa un pote do que asoman froitos da terra en abundancia, a modo de tentación. Na panza do pote, hai un relevo que parece San Miguel vencendo o demo, unha metáfora de como a virtude vence os praceres terreaís.

O Seminario de Estudos Galegos (SEG), fundado en 1923, é unha das iniciativas dos nacionalistas para promover o desenvolvemento cultural e científico de Galicia. Para ingresar nel, era preceptivo entregar cadansúa obra coas que

consolidaba a biblioteca e patrimonio do SEG: *O Códego* foi a doazón de Asorey polo ingreso a 10 de xuño de 1926 como socio de número (co nº 21). Nesa mesma data entran tamén os artistas Mariano Tito Vázquez, que cede un óleo da súa autoría; o fotógrafo Ksado a gasalla cunha catalogación de fotografías e Camilo Díaz Baliño doa un gravado. A estatua de *O Códego* instalouse na Sala da biblioteca do SEG, tal como se contempla na fotografía.



Santiago. Alumnos da Universidade traballando na Sección de Historia do Seminario de Estudos Galegos. *Vida Gallega*, 20-1-1928. Fotografía de Ksado. Ao fondo, vése o *Códego Compostelán*.

- **Bosquexo do Busto do Padre Feijóo, 1947, 60x39x37. Escaiola**



A peza da vitrina do primeiro andar é o bosquejo en escaiola da cabeza do padre Feijóo para o monumento inaugurado en 1947 no mosteiro beneditino de Samos.

Apréciase que os trazos do rostro están moi marcados o mesmo que os pómulos e as olleiras, o nariz grande e a boca iniciando un sorriso. O profesor Ramón Otero Túñez mandou en 1960 facer unha copia en bronce a partir desta escaiola.

Coa intención de lograr unha representación fiel, Asorey documentábase moito sobre todas aquelas persoas que ía esculpir. No caso do P. Feijóo estudou toda a bibliografía existente no momento sobre a súa vida e obra, mesmo a máscara mortuoria en cera que se conserva en Casdemiro, Ourense, na súa casa natal.

O frade bieito Benito Jerónimo Feijoo Montenegro (1676-1764), profesor, ensaísta e poeta, cuxa obra máis importante é o *Teatro Crítico Universal, Discursos varios en todo género de materias para desengaño de errores comunes*, tres tomos de ensaios sobre as materias máis diversas.

## - Punto 10 - Campiño do Carme, nº 2, segundo andar (Residencia familiar)

- **Petador ou chamador da porta**



Asorey marcha en 1909 a cumprir o servizo militar en Madrid, onde toma contacto cos artistas, continúa a súa formación como escultor, consolida amizades, dáse a coñecer como escultor e participa en bienais e exposicións.

Aínda así, viaxa moito a Santiago por razóns profesionais ou familiares, pois na cidade reside unha súa irmá, e ademais coñece a Jesusa Ferreiro Casal, a súa moza.

En 1918 convócase unha Praza de escultor para Medicina. A Asorey, que está a piques de cumprir 30 anos, non lle interesa seguir vivindo en Madrid, considera que xa é o momento de organizar e asentar a súa vida, polo que se presenta á Praza, que gaña, e trasládase a Compostela. Ese mesmo ano de 1918, monta o obradoiro de escultura en Caramoniña. En xaneiro de 1919 casa con Jesusa Ferreiro Casal e van residir ao número 2 do Campiño do Carme, en

Compostela. Os seus dous fillos, Francisco e José Manuel, nacen nesta casa e nela permanece a familia durante toda a súa vida.

### O Petador da casa da familiar Asorey-Ferreiro

É a súa casa de toda a vida. Marca o seu fogar cun chamador humilde, unha modesta e marabillosa peza colocada na porta dos Asorey Ferreiro. Nada ten que ver co suntuoso chamador do Pazo de Vaamonde, o único en común é estaren ambos os dous feitos en bronce.

De pequeno tamaño, sobre 25 cm de altura, representa un peregrino de costas, cos brazos en alto. Suxeita coa man esquerda o bastón ou bordón e a cabaza para a auga, mentres coa man dereita peta na porta, como para solicitar acubillo. Vai vestido co saial de peregrino e adorna a esclavina con dúas cunchas de vieira. A base en que se sitúa o petador é unha cruz de Santiago. peza situada á vista, pero bastante descoñecida polos estudosos e polo público en xeral, xa que nin placa nin inscrición aluden a tan ilustre morador.

## - Punto 11 - Rúa Tras Santa Clara, nº 2 (Obradoiro de 1930 até 1961)

O feito de acadar a 1ª medalla da Exposición Nacional de Belas Artes de 1926 coa estatua de *San Francisco* fai de Asorey un escultor consagrado e recoñecido. Está no cumio da súa carreira, mais o obradoiro de Caramoniña, ademais de non ser de seu senón que o ten en arrendo, quédalle pequeno. Para ter máis espazo trasládase a Tras Santa Clara en 1930, conforme recolle Iglesias Baldonado (2018) das declaracións do propio Asorey nunha entrevista para *La Voz de Galicia* a 3 de outubro de 1930:

«Estoy construyendo, levantando mi taller nuevo – se apresuró a decirnos alborozado el maestro- en terreno propio, ¿saben? Lo he comprado y lo rellené con cascote... Es allá arriba: «al carón» de los muros del convento de Santa Clara. Un panorama delicioso, ya verán».



«Francisco Asorey González. Cambados, 1899, Santiago de Compostela, 1961  
Nesta casa estivo o obradoiro do que foi chamado o escultor da raza, que deixou unha inesquecible pegada na arte galega e universal. O Concello de Santiago de Compostela no 125 aniversario do nacemento do escultor».

En Tras Santa Clara, antes de xullo de 1936, realiza os grandes monumentos do *aviador Joaquín Loriga* (1933) para Lalín, *Curros Enríquez* (1934) para A Coruña, a *Virxe de Guadalupe* (1932) para a finca de Tanxil (Rianxo), encargada polo cirurxián Ángel Baltar Cortés...

Mais, a partir desa data, Asorey adáptase á nova situación e traballa en encargos franquistas, como os bustos de *José Calvo Sotelo*, de *Francisco Franco*, o *Monumento ao soldado galego* ou a *Virxe do Carme*, mais tamén ten outras encomendas como o *busto de Elena Tormo de García Sabell* (1940) ou o *Esqueleto pensante* (1943)...

Asorey continúa a traballar, até a súa morte a 2 de xullo de 1961, neste enorme espazo, cuxa extensión foi reducida pola reordenación urbana da zona, que se levou grande parte do terreo. Ramón Otero Túdez (1959) describe así o taller de Santa Clara:

«Tiña o taller de Asorey tres amplas salas, onde realiza as distintas operacións escultóricas. Tras do pequeno recibidor, [...], pasábase ao sinxelo despacho do artista. Alí estaba a súa mesa de traballo, chea de grandes carpetas contendo debuxos propios, fotografías de obras de arte e retallos ou anotacións sobre elas. A poucos pasos, a librería lisa encerraba riquísimo repertorio, cuxos títulos abranguían desde as mellores Historias xerais, ata a case totalidade das monografías de carácter rexional, libros e folletos das máis varias tendencias escultóricas, unha magnífica serie de tratados iconográficos e asombrosa

colección bibliográfica acerca de personalidades por el esculpidas (Cervantes, o P. Feijoo, Curros, Aller) ou intensamente sentidas (Rosalía, «a nai» Rosalía). Cubría a parede inmediata [...] a estupenda colección de crucifixos populares, onde moitos detalles, cheos de expresividade e primitivismo, xustifican o extraordinario afecto que lles tiña o seu posuidor. Completaba aquel pequeno museo o muro da dereita, ante o cal [...] outra inesquecível colección: a dos floreiros de louza, con forma de cinco dedos e a máis varia policromía ornamental, poetizados por Asorey cando os fixo motivo da ofrenda da Filliña. Desde o mesmo pequeno recibidor da entrada, outra porta conducía ao obradoiro propiamente dito, amplísima sala onde traballaban algúns discípulos, desbastábanse e tirábanse puntos a xigantescos bloques de granito que ás veces cubrían todo o recinto, gardábanse os utensilios escultóricos, alimentábase a fragua. Desde as paredes a rica serie de bosquexos asoreyanos contemplaba o sucesivo fluír evolutivo do seu autor. A terceira sala do taller era a de modelado: outra mesa, agora presidida por unha Cabeza románica, moi relacionábel co Mestre Mateo; varios cabaletes onde o barro ía adquirindo as súas formas baixo a presión máxica dos dedos de Asorey; tarima e cadeira de brazos para o modelo; algúns proxectos recentes; as caixas cos «panos» de cabeza das campesiñas galegas, que tanto admiraba Valle Inclán e que constituían o último grande afecto coleccionista do noso escultor [...] Completaban estas salas o soto e un pequeno patio, contendo ou adornándose mediante máis xesos e esculturas graníticas, digno marco para o continuo pasar, leve e soñador, da egrexia figura de quen alí traballaba».

Na casa que actualmente existe onde estivo o seu obradoiro na Rúa de Tras Santa Clara áchase a única placa que en todo Santiago de Compostela lembra a súa existencia e a súa relación coa cidade en que viviu case corenta anos, adicada polo Concello de Compostela:

## - Punto 12 - Rúa Caramoniña, s/n (Obradoiro desde 1918 até 1930)

En 1918 Asorey, xa cun posto de traballo asegurado, trasládase de Madrid a Compostela. Ese mesmo ano monta obradoiro na Rúa Caramoniña, moi perto do convento de San Domingos de Bonaval, nun espazo hoxe irrecoñecible posiblemente por ocupar parte do seu terreo o edificio da actual residencia da Terceira Idade da Porta do Camiño.

Xoán Xesús González describe en *A modelo de Paco Asorei* o obradoiro de Caramoniña:

«Foramos visitar a Paco Asorei que lle prometera facer un busto a Lucinda [...] Paco mandounos entrar no estudio, pero despois dalgúns cumprimentos foise ao taller onde estaba en tratos para facer unha obra cuns señores e deixounos sós

[...] O estudio de Paco Asorei estaba nunha das máis afastadas Rúas compostelás. Ao rente estaba o taller onde facía as obras de encarga para Igrexas, conventos e particulares. As obras de arte, as de exposición, as que o consagraban como verdadeiro artista, como xenial escultor, facíaas no estudio con máis vagar, con mellor técnica e con máis cariño.


Tiña este local aderezado de cousas raras, antigas e caprichosas. Sofás fonxes de remotas épocas, libros clásicos de edicións moi artísticas, fermosos pratos de Sargadelos colgando das paredes, novelas dos mellores escritores en alzadeiras de séculos medievos, grandes libros de Arte, táboas con escenas relixiosas dos séculos doce e trece; degoladas imaxes de santos centenarios entre milleiros de debuxos modernistas. Cadros de Abelenda, Lloréns, Soutomaior; debuxos de Castelao, lenzos de Carlos Sobriño e outros artistas de fama e renome». (páx. 149, 150)

Nesta época Francisco Asorey realiza moitas das súas obras en madeira policromada que propiciaron o seu recoñecemento e a súa fama, como por exemplo *Picariña* (1919), hoxe desaparecida, pero da que se conserva o bosquejo en escaiola no Museo Carlos Maside de Sada, *Naiciña* (1921), *Ofrenda a San Ramón* (1923), no Museo Provincial de Lugo, *O Tesouro* (1924), *San Francisco* (1926), 1ª medalla da Exposición Nacional de Belas Artes de Madrid e que lle dou fama en toda a Península, hoxe no Museo Provincial de Lugo ou *Santa* (1926), propiedade da Casa de Galicia de Montevideo, e que se puido contemplar desde novembro de 2019 a abril de 2020 en Santiago na exposición *Galicia, un relato no mundo*, celebrada na Cidade da Cultura no Monte Gaiás.

En canto ás obras que están en Compostela esculpidas en Caramoniña, a falta de novos achados, son as seguintes: *Lápida do médico Narciso Carrera* (1919), *Lápida en honra de Bernardo Barreiro* (1921), *Busto de Lino Torre* (1923), *Lápida a Jacobo Gil Villanueva* (1924), *Lápida a José Rodríguez Carracido* (1924), *Códeo Compostelán* (1926), *Panteón do Cardeal*



Esta fotografía de Asorey no obradoiro de Caramoniña en 1925, o *Tesouro* nun primeiro plano e detrás outras obras, *Rezo de Beatas*, *A Picariña*, o busto de Lino Torre, mesmo se enxerga o *Retrato de Paquiño Asorey*, pertencente á colección particular da familia Asorey.



**San Francisco**, no Museo de Lugo.

a 1ª medalla da Exposición Nacional de 1926.

Por necesidades de espazo, no ano 1930 deixa Caramoniña e traslada o taller a Tras Santa Clara, nun terreo da súa propiedade mercado expresamente para obradoiro.

*Martín de Herrera* (1927), *Monumento a San Francisco de Asís* (1930), *Capitel e escudo da fachada do Hotel Compostela* (1930), entre outras moitas encargas que se achán fóra da cidade, algunhas outras pertencentes a coleccións particulares e outras moitas que están sen localizar, embora se coñeza a súa existencia.

Dúas das obras que máis contribuíron a ser recoñecido e considerado un escultor de primeira categoría son *Santa* e *San Francisco*, ambas as dúas de 1926.

A *Santa* impresionou enormemente o público madrileño, aínda que non acadou ningún premio na Exposición de 1926. Asorey amosa a figura dunha muller núa que mira con decisión á fronte, sen medo, mais que non é unha beleza clásica, senón un corpo deformado polo traballo e polo sufrimento, cunhas mans grandes e fortes que sostendo unha vara na man dereita. Na súa caluga soporta o xugo dos animais domésticos, que simboliza o duro traballo da muller na Galicia campesiña, na parte posterior da imaxe talla follas de carballo. Propiedade do Centro Galego de Montevideo, foi extraordinaria a posibilidade de ser visitada na exposición *Galicia, un relato no mundo*.

A estatua de *San Francisco* pertence aos fondos do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid, mais está cedida en depósito ao Museo Provincial de Lugo. Representa o santo moi delgado, con finísimas mans de dedos alongados onde se poden ver os estigmas, co saial cheo de mendas onde se ven as puntadas e por detrás do santo o lobo que apoia a súa cabeza sobre o ombreiro dereito de il poverello d'Assisi. Realmente resulta impresionante o *San Francisco* co que Asorey consegue



*Vida Gallega*, 1 de maio de 1918: El escultor Asorey y sus últimas producciones: *Mater*, *Perseo*, *Fecundidad*, *Rezo de Beatas* e *O campo*. No centro un retrato de Asorey, por Ksado.

## - Punto 13 - Costa de San Domingos, s/n (Museo do Pobo Galego) Convento de San Domingos de Bonaval:

- **1924: O tesouro**, 165x76x81. Escaiola (doazón da Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo)
- **1932: Bosquexo do Busto de Dolores Ulla y Fuciños de Bendaña**, 52x57x36. Escaiola
- **1942: Bosquexo da Virxe do Carme da Escola Militar de Marín**, 141x53x48. Escaiola
- **1943: Bosquexo do Altar do cimiterio da Chacarita**, Buenos Aires. Escaiola
- **1944: Retrato da condessa de Marín**, 96x58x50. Escaiola
- **1944: Bosquexo do Retrato de Lucila Barberán Bellido**, 75x51x35. Escaiola
- **1949: Bosquexo da Virxe DOS Desamparados**, 135x90x30. Escaiola
- **1950: Bosquexo de José Pérez Porto**, 98x70x47. Escaiola
- **1950: Bosquexo do Busto da señora de González Sierra**, Anos 50, 70x50x22. Escaiola
- **1952: Bosquexo do Cristo de Moiá, Barcelona**, 386x191x44. Escaiola
- **1953: Bosquexo do Retrato de Miguel de Cervantes**, 78x50x56. Escaiola
- **1955: Bosquexo da Virxe de Fátima**, 140x30x26. Escaiola
- **1955: Bosquexo do Retrato de Cesáreo Corbal**, Pereiró (Vigo), 77x52x36. Escaiola
- **1956: Bosquexo da PURÍSIMA, Igrexa DA ESTRADA**, 116x30x26. Escaiola
- **1956: Bosquexo Retrato do conde de Fenora**, O Barco de Valdeorras, 88x60x40. Escaiola
- **1958: Bosquexo da Asunción Seminario Menor de Belvís**, 130x70x40. Escaiola
- **1958: Bosquexo do Rostro do Retrato de Aller Ulloa**, 54x30x35. Escaiola
- **1959: Bosquexo do Monumento a Ramón María Aller Ulloa**, 200x54x60. Escaiola
- **1960: Man de Asorey**, 9x11,5x15. Escaiola
- **Ferramentas varias**
- **27 debuxos**

Consonte a tradición, o convento de San Domingos de fundouno Domingo de Guzmán en 1220. Consérvanse partes románicas do s. XIV, aínda que foi moi reformado e ampliado no s. XVII por Domingo de Andrade, que deseñou e realizou a chamativa e barroca tripla escaleira helicoidal ou de caracol.

Como consecuencia da exclaustración de 1835, o edificio pasou a mans do Concello que o destinou para Hospicio municipal en 1841. Federico García Lorca (1898-1936), na súa primeira visita a Compostela en outubro de 1916, conta da trístisima impresión que lle produciu a situación dos nenos alí recollidos. A mediados do século XX, ao desaparecer o hospicio e o colexio de cegos e xordomudos que alí se situara, as autoridades municipais decidiron destinar o edificio a albergar o Museo Municipal de Santiago de Compostela, proxecto aprobado en 1944, pero que non se volve a tratar até 1960.

Segundo Serrano Téllez (1995), nos locais da Sociedade Económica de Amigos do País, sitos no Colexio Juan de San Clemente, custodiábanse obxectos procedentes da Exposición Rexional de 1909, de coleccións arqueolóxicas da Universidade e depósitos do Estado, e máis outras pezas provenientes do antigo hospital dos Reis Católicos, que estaban na leprosería de San Lázaro. O Concello retoma o vello proxecto de 1944 e decide reunir todas estas pezas en varios locais de propiedade municipal no convento de San Domingos, no denominado Museo Histórico Artístico e Etnográfico da Cidade, que se inaugura a 28 de decembro de 1963, mais que axiña mudará o nome por Museo

Municipal. Nel expoñíanse as obras conservadas e outras cedidas ou compradas para conformar e aumentar o seu patrimonio, mais os escasos investimentos económicos e o pouco interese que suscitaba no propio concello fíxoo esmorecer até case desaparecer e converterse nun museo fantasma. Por fin no edificio instalouse en 1977 o Museo do Pobo Galego, atendendo á solicitude do seu Padroado, que, ademais dos seus propios fondos, expón algunhas das obras propiedade do Museo Municipal, mentres outras permanecen gardadas nos seus almacéns, como é o caso das obras de Asorey cedidas pola familia.

A 28 de xullo 1971 a viúva de Asorey doa ao Concello de Santiago para o Museo Municipal o Fondo Francisco Asorey. Agás o bosquejo de *O Tesouro* (1924), doazón da Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo de Compostela ao Museo do Pobo Galego, todas as pezas que se gardan no MPG son depósito dos herdeiros de Asorey cedidos para o Museo Municipal de Santiago, e que foran conservadas polo escultor no seu obradoiro de Tras Santa Clara até a súa morte en 1961. Este fondo non está exposto ao público e non hai posibilidade de visitalo. O único xeito de ver as pezas é a través da páxina web de Vicente Pérez Otero<sup>7</sup>.

---

<sup>7</sup> <https://vicente-perez-otero.webnode.es/catalogo-de-obras/>

## - Punto 14 - Rúa de Bonaval, s/n (Panteón de Galegos Ilustres)

- **Campa de Asorey**



A Igrexa de Bonaval, do s. XIV, un dos poucos edificios góticos en Compostela, consta de tres naves separadas por arcos de medio punto e unha capela maior con bóveda de cruz e altas xanelas. Foi exclausturada en 1835 e pasou a titularidade pública.

Logo de moitos intentos para acadar un lugar digno onde enterrar a Rosalía de Castro, a asociación Liga de Amigos de Santiago, a Sociedade Económica de Amigos do País e o movemento rexionalista conseguiron o ano 1891 o permiso para trasladar á capela da Visitación os restos exhumados da escritora, soterrada no Cemiterio da Adina en Padrón. Logo desta translación, a prensa insistía na idea de converter a Igrexa de Bonaval no panteón que albergase outras destacadas personalidades galegas e así naceu o Panteón de Galegos Ilustres que acolle os restos de seis sobranceiros intelectuais, cinco

na capela da Visitación e, á beira, na capela do Cristo, Daniel Castelao.

A primeira en ser soterrada en 1891 é a poeta Rosalía de Castro e Abadía (1837-1885), que repousa nunha caixa de cinc sita no mausoleo da parede da esquerda.

Pasados 15 anos, en 1906, sitúan fronte ao de Rosalía o monumento mortuorio do político rexionalista Alfredo Brañas Menéndez (1859-1900), cuxos restos descansaban no Cemiterio Xeral de Santiago.

Tras 55 anos sen enterramentos, o martes 4 de xullo de 1961 inhuman dereitamente no chan da capela da Visitación o escultor Francisco Asorey González (1889-1961).

Seis anos despois, en 1967, trasladan desde Cambados os restos do poeta Ramón Cabanillas Enríquez (1876-1959), á beira do paisano e amigo Asorey, no chan da capela.

Tardan case 20 anos, exactamente en 1984, en traer do Cemiterio da Chacarita en Buenos Aires os restos do político, debuxante, humorista e escritor Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1885-1950) ao mausoleo da capela do Cristo.

E logo de catro anos, en 1988, soterran no chan da Visitación o xeógrafo e autor da triangulación xeodésica e da Carta ou Mapa de Galicia, Domingo Fontán Rodríguez (1788-1866), que repousaba no Cemiterio Xeral de Santiago.

Desde 1988, e xa van alá máis de 30 anos, non se volveu enterrar ninguén neste Panteón de Galegos Ilustres, situado en dúas das capelas dun templo cuxo edificio foi de titularidade pública desde 1835 até que, en pleno século XXI, unha sentenza do

Tribunal Supremo do ano 2006, executada no 2010, retiroulle a titularidade ao Concello de Compostela ditaminando que a posesión da Igrexa de Bonaval pasase de novo ao Arcebispado de Santiago.

### O enterro de Francisco Asorey

Por proposta da Universidade, do Concello e da comisaria de Patrimonio Artístico Nacional, coa anuencia do Cardeal Quiroga Palacios<sup>8</sup>, Asorey é o único persoeiro que foi directamente inhumado no Panteón de Gallegos Ilustres.

Logo do funeral na Igrexa conventual de San Francisco, ao que asisten familiares, amigos e persoeiros da vida artística, política e cultural de Galicia, o féretro de Francisco Asorey, acompañado dun «xentío enorme», que formaba o cortexo da súa derradeira despedida, saíu da casa a ombreiros dos seus discípulos e amigos Antonio Saavedra, José Cao Latas, Eduardo Parrado, José María Acuña, Arturo Brea e Joaquín Gil Armada. Unha carroza fúnebre levouno até o Panteón de Gallegos Ilustres.



Á «impresionante manifestación de duelo» asistiu toda a corporación municipal santiaguesa, pois Asorey era fillo adoptivo de Compostela desde 1959, autoridades, alcaldes e representacións de concellos, escultores e artistas, personalidades eclesiásticas, compañeiros da Universidade, membros da Real Academia Galega e da de Belas Artes, o Padroado Rosalía de Castro, veciños e outras moitas persoas despediron a Asorey.

No velorio, o artista Luis Quintás Goyanes (1907-1987), que fora alumno de Castelao, tomou un apunte do xacente Asorey, a única nota gráfica que se obtivo da súa faz momentos antes de seren trasladados os seus restos mortais.

<sup>8</sup> Fernando Quiroga Palacios (1900-1971), cardeal e arcebispo de Santiago de Compostela, divulgador do Camiño de Santiago e impulsor do Xacobeo, académico de honra da Real Academia Galega pola súa defensa de Galicia, foi o primeiro cardeal en celebrar unha misa en lingua galega.

## - Punto 15 - Rúa do Preguntoiro, nº 37

- **Placa ao acibecheiro Enrique Mayer Castro, 1932, 92 x 68. Granito e bronce**



Asorey combina harmonicamente dous materiais, granito e bronce, e dous estilos, o xeométrico da pedra e o expresionista do bronce, neste baixorrelevo situado na casa natal do famoso artista compostelán, en que se conxugan o granito para a cabeza do apóstolo Santiago e o bronce para a cabeza do acibecheiro Mayer. Combina tamén as liñas duras do marco da placa e a cabeza de Santiago co movemento, co realismo e coa dozura na expresión da cara de Mayer.

Unha cuncha de vieira, símbolo das peregrinacións e boa representación dos traballos en acibeche, insírese entre as letras da inscrición:

«En esta casa nació el buen azabachero Enrique mayer Castro 1861 1931»

Enrique Mayer Castro (1861-1931), gravador e acibecheiro, descende dunha familia de artesáns alemáns afincada en Santiago, dedicada á fabricación de reloxos e caixas de música. Decantouse polo debuxo e polo gravado, polo que se matricula na Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, onde foi alumno de Modesto Brocos, e despois cursa estudos de xilografía en Madrid. Ao regresar a Compostela, dedícase ao gravado en madeira e metal.

Desde 1893 imparte debuxo artístico na Escola de Artes e Oficios de Santiago até xubilarse en 1931. Contribúe a recuperar a acibecharía compostelá e a poñela en valor, sendo o autor dunha pequena estatua do apóstolo Santiago en acibeche e prata que se expón no Tesouro da catedral compostelá.

De familia de artistas, foi pai do tamén gravador santiagués Enrique Mayer Méndez (1907-2001) e avó dos gravadores, artistas e profesores Enrique e Santiago Mayer Viña, que gardan moi boas lembranzas do escultor Asorey, do que eran case veciños.

## - Punto 16 - Praza da Universidade, nº 1 (Facultade de Historia)

- **Placa a Jacobo Gil Villanueva, 1924, 108X137. Granito**



O edificio neoclásico do s. XVIII levantouse no antigo soar do Colexio da Compañía de Xesús. Ao seren expulsados os xesuítas en 1767, as súas posesións outórganselle á Universidade que decide construír no soar o edificio central da Universidade, inaugurado en 1805, e que acollía a Facultade de Dereito, a de Filosofía e Letras e a de Ciencias.

No primeiro andar, á dereita da entrada do Paraninfo, a *Lápida a Jacobo Gil Villanueva* representa o xurista con quevedos e amplo bigote nun rostro doce e amable expresión e cara de boa persoa. Tras da súa cabeza adivíñase o escudo da Universidade. Viste toga, medalla pendurada e insignia na parte esquerda do peito. As mármores de diferentes cores aportan policromía. En mármore sepia o rostro e as mans, a esquerda sobre un libro do que se albisca parte do título «...de los censos» e que algúns identifican co código de Dereito Civil. A inscrición:

«AL SABIO CIVILISTA EXCMO SR D JACOBO GIL VILLANUEVA SUS DISCIPULOS XXV FEBRERO MDCCCXXXII XXVII NOVIEMBRE MCMVI»

Gil Villanueva (1831-1906), doutor en Xurisprudencia pola Universidade Central de Madrid, foi catedrático de Dereito na Universidade de Santiago, decano e reitor. O personaxe «Don Servando» de *La Casa de la Troya*, publicada en 1915 por Alejandro Pérez Lugín (1870-1926), estudante de Dereito en Santiago e alumno de Gil Villanueva, inspírase no profesor Don Jacobo, liberal, bondadoso e cordial, que xa no primeiro día de clase aconsella aos seus discípulos non estudar os textos que recomenda na cátedra:

«Les he señalado el texto de Rodríguez y Gómez porque es el menos peor de cuantos se han escrito para el caso, y se han escrito muchos... Pero les voy a dar a ustedes un consejo: que no lo estudien [...] el que no ha estudiado eso está en disposición de aprender la asignatura cuando quiera, mientras que el otro se ha metido en la cabeza una de broza jurídica que le imposibilita para saber «Mercantil» en todos los días de su vida».

Nesta Facultade encóntrase tamén o retrato de *Asorey no seu obradoiro de Santa Clara* pintado por Felipe Criado (1928-2013), alumno seu na Escola de Artes e Oficios.

## - Punto 17 - Rúa das Orfas, nº 3 (Igrexa das Orfas)

- **Tumba do cardeal Martín de Herrera, 1927. Mármore**



A Igrexa das Orfas, barroco do s. XVII, complementou o convento-colexio fundado polo Arcebispo Juan de San Clemente (1534-1602) a fins do s. XVI para dar aloxamento e educación a nenas Orfas ou de poucos recursos. Consagrouse en 1671 e no retablo do altar maior de estilo rococó, entre as imaxes de San Xosé e Santiago, sobresaie a Inmaculada Concepción, realizada en 1756 por José Gambino (1719-1775), o máximo expoñente da escultura rococó en Galicia.

En decembro de 1922 morre o Cardeal Martín de Herrera, arcebispo en Compostela desde 1889. Deciden facer un panteón para os seus restos na Igrexa das Orfas, que Asorey remata en 1927. Enmárcase en mármore grises e marróns. Na parte central, de mármore branco, Asorey reproduce o altar maior da catedral, coa figura do Apóstolo. Diante do altar, Martín de Herrera dá a bendición vestido co traxe das cerimonia importantes: capa pluvial, tiara de bispo ou mitra

e báculo. Destacan na decoración as figuras dos anxos e o preciosismo de Asorey ao combinar mármore de diferentes cores. Otero Túdez di que os cóengos axeonllados aos lados, e que lle abren a capa ao Cardeal, son Manuel Caeiro, quen realizou a encarga, e Jerónimo Coco, que xa aparecían na súa escultura de 1915 *Cabaleiros negros*. A parte superior do marco leva o escudo arcebispal e na parte inferior a inscrición:

«Aquí esperan la hora de la resurrección las veneradas reliquias del Excelentísimo y Reverendísimo Sr. D. José Martín de Herrera y de la Iglesia Cardenal de la Santa Iglesia Romana y arzobispo de Santiago. Consagró su vida al bien espiritual y temporal de su pueblo. Rogad por él. VIII-XII-MCMXXII. R.I.P.»

## 18. Rúa do Hórreo,nº 1 (Hotel Compostela)

- **Capitel e escudo do Hotel Compostela, 1930. Granito**

Deseñado polo arquitecto vigués Antonio Cominges Tapias (1897-1987), inaugúrase a 23 de agosto de 1930, no soar da casa da Inquisición, construída no s. XVIII e derrubada en 1913.


O Hotel Compostela proxéctase para ser un edificio de uso Hoteleiro fronte á antiga porta da Mámoa, unha das sete que daban acceso ao recinto amurallado. Na época era o lugar do que saían os máis importantes accesos da cidade: alí estaba a estación de autobuses no famoso edificio Castromil, construído en 1922 e demolido nos anos 70.

O Hotel Compostela é de estilo ecléctico rexionalista, en cantaría de granito, con arcos de medio punto e torres con ameas. Encárganlle a Asorey o capitel da entrada e o escudo da fachada, que une elementos románicos e barrocos, estilos característicos de Compostela.

O CAPITEL representa un banquete cos comensais dispostos en parellas entre froitos e formas vexetais, con figuras traballadas individualmente con cadansúa actitude diferente. O maître, no centro do capitel, mira cara ao interior do Hotel e supervisa a actividade dos portadores de bandexas. As figuras contórñanse e adaptaciónse ao espazo, como no románico, con movemento e vivacidade, aínda que os motivos decorativos teñen máis relación coas formas de froitas do barroco compostelán. No capitel únense motivos románicos e barrocos, consonte á arquitectura neorrománica do Hotel e remata nunha torre con ameas.

Á dereita do ESCUDO hai un arcebispo co seu báculo e á esquerda un cabaleiro da Orde de Santiago. O escudo está formado polo cáliz, do que emana a estrela de Santiago, e polo sepulcro do Apóstolo, rodeados o cáliz e o escudo por sete cruces que aluden ás sete antigas provincias galegas: Santiago, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Tui e A Coruña. Sobre o escudo, destaca

unha enorme coroa que demostra como Asorey domina o traballo en ocios no duro granito e, baixo o escudo, colócase unha vieira, símbolo da peregrinación a Compostela.



## Bibliografía

- ASOREY ABELLEIRA, MARÍA DEL CARMEN: *O Asorey descoñecido. Catálogo da exposición Francisco Asorey, 125 anos do seu nacemento*. Comisaria e texto: María del Carmen Asorey Abelleira. Santiago, 2014
- CENTENARIO Francisco ASOREY (catálogo), Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, 1989
- DÍAZ LORENZO, JUAN CARLOS, *El alma recóndita de Francisco Asorey*, 2011
- DOCOBO DURÁNTEZ, JOSÉ ANGEL, *La Obra científica de Aller Ulloa*, Fundación Alfredo Brañas, Santiago, 1991
- GONZÁLEZ, Xoán XESÚS: *A modelo de Paco Asorei*. Edición e notas de Marcos Seixo. Ed. Xerais, 2002
- IGLESIAS BALDONEDO, MARIBEL, *Francisco Asorey, escultor galego*, Ourense, Dr. Alveiros Editora, 2018
- JORGE BARREIRO, Francisco JAVIER, «Francisco Asorey y la Facultad de Medicina de Santiago», *Gallegos*, nº 21, 2015, páx 63-68.
- OTERO TÚÑEZ, RAMÓN, *El escultor Francisco Asorey*. Ediciones de la Universidad Compostela. 1ª ed. Santiago, 1959
- SÁNCHEZ ARINES, CARMEN MARÍA, *O Cemiterio compostelán de Boisaca e o patrimonio funerario*. Departamento de Educación e Cidadanía, Concello de Santiago, 2018
- SERRANO TÉLLEZ, NURIA: El Museo Municipal de Santiago de Compostela en el convento de Santo Domingo de Bonaval. *Boletín de la ANABAD*, Tomo 45, Nº 1, 1995, págs. 195-220

## Páxinas Webs

- ADELA LEIRO sobre Asorey: <http://www.adelaleiro.com/>
- BIBLIOTECA DIGITAL DEL PATRIMONIO IBEROAMERICANO <http://www.iberioamericadigital.net/BDPI/>
- FRANCISCANOS: <https://franciscanossantiago.org/2018/03/31/monumento-de-asorey-a-san-francisco/>
- GALICIANA-BIBLIOTECA DIXITAL de GALICIA, servizo público xestionado pola Biblioteca de Galicia: <http://biblioteca.galiciiana.gal/>
- IGLESIAS BALDONEDO, MARIBEL: <http://cicelepedra.blogspot.com/>
- PÉREZ OTERO, VICENTE: <https://vicente-perez-otero.webnode.es/>, 2015
- REAL ACADEMIA GALEGA (Roberto Nóvoa Santos): <https://academia.gal/>
- SANTIAGO TURISMO: <https://www.santiagoturismo.com/>
- WIKIPEDIA: <https://gl.wikipedia.org/wiki/>

## PDF

- IGLESIAS BALDONEDO, MARIBEL: francisco asorey, escultor galego - Minerva – USC [https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/10347/14799/1/rep\\_1206.pdf](https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/10347/14799/1/rep_1206.pdf)
- LEIRO, ADELA: Ano Asorey 2011, exposición Asociación Candea e centros de ensino do Salnés: <http://www.adelaleiro.com/gestion/catalogo/docs/ANOASOREY-2011-EXPOSICIÓN-CANDEA CENTROS SALNÉS.pdf>

## Espazos e obras de Francisco Asorey en Santiago de Compostela

- 1. Rúa San Clemente, nº3** (IES Rosalía de Castro)
  - Retrato de José Ibáñez Martín, 1944
- 2. Rúa do Vilar, nº 59**
  - Petador do Pazo de Vaamonde
- 3. Rúa Xelmírez, nº 17**
  - Placa a Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, 1921.
- 4. Rúa do Franco, s/n** (Pazo de Fonseca)
  - Placa ao Dr. José Rodríguez Carracido, 1926
- 5. Praza do Obradoiro, s/n** (Reitorado da USC)
  - Nusto de Lino Torre, 1923
  - Busto de Ramón Aller Ulloa, 1958
- 6. Praza do Obradoiro, nº 1** (Pazo de Raxoi)
  - Retrato da esposa do artista (Jesusa Ferreiro)
- 7. Praza da Inmaculada, nº 5** (San Martiño Pinario)
  - Vítor en honra de Frei Rosendo Salvado, 1945
- 8. Rúa San Francisco, s/n** (Facultade de Medicina)
  - Placa ao doutor Narciso Carrero, 1920
  - Cranio xigante, 1924
  - Placa ao doutor Miguel Gil Casares, 1932
  - Busto do doutor Alejandro Rodríguez Cadarso, 1934
  - Placa do esqueleto pensante, 1943
  - Busto de Roberto Nóvoa Santos, 1961
- 9. Campiño de San Francisco s/n**
  - Monumento a San Francisco
- 10. Avenida Xoán XXIII, nº 5** (Finca de Lois)
  - Maternidade
- 11. Rúa Tras Santa Isabel, nº 1** (Parque Vista Alegre, Finca Simeón)
  - Cruceiro a Isabel García Blanco
- 12. Campiño do Carme, nº 2:** Residencia Familia Asorey.Ferreiro
  - Petador da porta
- 13. Rúa Tras Santa Clara, nº 2:** Obradoiro desde 1930 ata 1961
- 14. Rúa San Roque, nº 2** (Instituto Estudos Galegos Padre Sarmiento)
  - Códeo compostelán, 1918
  - Bosquexo do busto do Padre Feijóo
- 15. Rúa Caramoniña, s/n:** Obradoiro desde 1919 ata 1930
- 16. Costa San Domingos, s/n** (Museo do Pobo Galego)
  - Busto José Pérez Porto, 1950
  - Retrato de Dolores Ulla, 1932
  - A Asunción, 1958
  - Man do artista, 1960
  - Monumento a Ramón María Aller Ulloa, Ca 1959
  - Rosto do retrato de Aller Ulloa, 1958
  - Cristo de Moiá, Barcelona, 1952
  - Retrato Miguel de Cervantes, 1953
  - Virxe de Fátima, 1955
  - Altar Cemiterio Chacarita, 1944
  - Retrato condessa de Marín, 1944
  - Retrato de Lucila Barberán Bellido, 1944

- Virxe dos Desamparados, 1949
- Virxe do Carme, 1942
- Retrato de Cesáreo Corbal, 1956
- Retrato Sra. de González Sierra, anos 50
- A Purísima
- Retrato conde de Fenosa, 1957
- O Tesouro, 1924
- 28 debuxos
- Ferramentas varias

**17. Costa de San Domingos, s/n** (Panteón de Galegos Ilustres):

- Campa de Asorey

**18. Igrexa de San Domingos de Bonaval** (Cemiterio da Confraría do Rosario):

- Neno-anxo e Virxe dos Ollos Grandes (Deseño de Asorey)

**19. Avda. Quiroga Palacios, nº 2** (Seminario Menor, Belvís):

- Asunción, 1958

**20. Rúa do Preguntoiro, nº 37:**

- Placa ao acibecheiro Enrique Mayer Castro, 1932

**21. Praza da Universidade, nº 1** (Facultade de Xeografía e Historia):

- Placa a Jacobo Gil Villanueva

**22. Rúa da Ensinanza, nº 3** (Colexio Compañía de María)

- Sagrado Corazón, 1940

**23. Rúa das Orfas, nº 3** (Igrexa das Orfas)

- Tumba do Cardeal Martín de Herrera, 1927

**24. Rúa do Hórreo, nº 1** (Hotel Compostela)

- Capitel/escudo, 1930

**25. Cemiterio de Boisaca** (Boisaca, estrada Nacional 550):

- Lápida de Marujita Rey, 1937
- Panteón familia García-Bodaño, 1953
- Panteón familia Beiras Torrado (atribuído)

**Coleccións particulares**

- Lo Jondo, 1914
- Neno galego
- Dona Matilde
- Rezo de beatas, 1918
- Busto do P. Feijóo
- Busto do pintor Juan Luis
- O tesouro, 1924
- Cabaleiros negros, 1915
- Busto de dona Dolores Ulla
- Busto Lucila Barberán Bellido
- Busto Elena Tormo de García Sabell

**Colección familia Asorey**

- Busto de Paquiño Asorey
- Señora Hall
- Escaiola de cabaleiros negros
- Cristo
- Cabeceiros de cama







**Francisco Asorey González**  
por Lucas Míguez.  
Cambados